ULTREIA

REVISTA DE POLÍTICA REXIONAL EUROPEA NÚM.5 / SETEMBRO **2010**



ACCIÓN COSTEIRA

EUROPA FOMENTA O ASOCIACIONISMO LOCAL PARA OPTIMIZAR RECURSOS

ENTREVISTA Á CONSELLEIRA DO MAR / INTECMAR, GARANTÍA PARA AS NOSAS AUGAS / MELLORAS NA REDE HIDRÁULICA / NOVAS TECNOLOXÍAS PARA OS COMERCIOS DE TODA A VIDA / OS FONDOS EUROPEOS AXUDAN A BEBER O VIÑO CON NOME DE LOLAILO / ALDEAS MEDIOAMBIENTAIS, A REHABILITACIÓN DO CORAZÓN DE GALICIA / AS ENERXÍAS RENOVABLES CHEGAN AOS CONCELLOS / CREATIVA FAVORECE O INTERCAMBIO CULTURAL CO NORTE DE PORTUGAL / XESTORES DA INNOVACIÓN, UN NOVO PERFIL PROFESIONAL

XUNTA DE GALICIA

EUROPEAN COMMISSION
DIRECTORATE-GENERAL
REGIONAL POLICY
DGREGIO-GIS

España
Convergence and Competitiveness Objectives 2007-2013



Objective
- Convergence Regions
- Phasing-out Regions
- Phasing-in Regions
- Competitiveness and Employment Regions

Boundaries
- National
- NUTS 2

0 250 Km

NON SE PODE ENTENDER GALICIA SEN O MAR. A NOSA COMUNIDADE RECIBE PARA O PERÍODO 2006-2013 O 45 % DO FONDO EUROPEO DA PESCA PARA AS REXIÓNS DE CONVERXENCIA DE ESPAÑA, MÁIS DE 700 MILLÓNS DE EUROS. AS ACHEGAS CANALÍZANSE A TRAVÉS DE VARÍAS VÍAS E NESTE EXEMPLAR DE ULTREIA MOSTRAMOS ALGUNHAS DELAS. POR EXEMPLO A DOS SETE GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA, QUE TRABALLAN NOS CONCELLOS GALEGOS QUE DAN AO MAR OU TAMÉN O LABOR DE ENTIDADES COMO O INTECMAR, QUE CONTROLA A CALIDADE DAS NOSAS AUGAS

SUMARIO

4 **Actualidade**
Os comités de seguimento do FEDER o Fondo Social Europeo repasan os progresos acadados nun exercicio con especial énfase na innovación e a formación.

10 **Entrevista**
Rosa Quintana, conselleira do Mar, repasa os principais fitos acadados polo sector grazas á axuda procedente da Unión Europea.

14 **Os Grupos de Acción Costeira**
Europa dinamiza o litoral galego a partir da actuación de sete asociacións de carácter local que actúan como motores da sociedade.

20 **O Intecmar vixía o medio mariño galego**
Desde Vilaxoán, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia garante o control da calidade das nosas augas.

24 **Melloras na rede hidráulica**
Os fondos Feder axudan a que Augas de Galicia desenvolva proxectos de abastecemento e saneamento nos concellos da comunidade.

26 **Comercio TEC**
A Unión Europea, o Igape, a Fundación Caixanova e o clúster Ineo impulsan unha iniciativa para levar as TIC ao comercio retallista.

28 **Un viño con nome de lolailo**
Os fondos comunitarios de orientación e garantía agrícola contribuiron á posta en marcha da Cooperativa Vitivinícola de Arousa, que comercializa o viño Paco&Lola.

32 **Aldeas medioambientais**
Emprendedores do sector rural traballan na posta en valor de enclaves abandonados para evitar que se esqueza un modo de vida.

36 **As enerxías renovables chegan aos concellos**
O proxecto E-Sol propicia que as entidades públicas poidan aforrar cartos mediante o emprego de enerxías renovables para abastacer os seus edificios.

38 **Creativa favorece o intercambio cultural**
Galicia e Portugal estrean un ámbito de colaboración no mundo da música, o audiovisual, o produto gráfico e as artes escénicas.

40 **Facer Europa e investir no futuro**
Un repaso aos principais eixes de actuación dos Feder e o FSE, os fondos europeos que máis cartos achegan a Galicia.

44 **Chegan os xestores da innovación**
A Unión Europea fomenta a formación dun novo perfil profesional que favoreza a adopción de prácticas de I+D+i nas pemes da comunidade.

46 **Opinión**
José Manuel Silva, asesor senior da Dirección Xeral para a Investigación da Comisión Europea, escribe sobre os programas en favor da I+D+i.

50 **Pais e nais de Europa**
Alcide de Gasperi, guía da chegada de Italia ao concerto internacional tras as feridas da Segunda Guerra Mundial.

ACTUALIDADE

A Fundación Galicia Europa axudará ás pemes galegas a través do proxecto de cooperación transnacional Ecoinnova

A Fundación Galicia Europa promocionará a competitividade das pequenas e medianas empresas galegas, a través dun proxecto europeo de cooperación transnacional, Ecoinnova, do que é socia, xunto ao Concello de Ourense e tres institucións europeas máis. En total, o aforro elévase a 58.822 euros, que se adiantarán para o proxecto.

EcoInnova é un proxecto de cooperación, investimento e asistencia técnica para pemes, cuxo obxectivo esencial é a creación dunha estrutura transnacional dedicada a informar, promover e promocionar a ecoinnovación nas empresas e a creación de pemes ecoinnovadoras no Espazo Atlántico.

O proxecto foi seleccionado dentro da convocatoria do Programa de Cooperación Transnacional da UE que promove a cooperación en distintas áreas das rexións atlánticas de Irlanda, Reino Unido, Francia, Portugal e España, durante o período 2007-2013, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Impulsado polo Concello de Ourense, Ecoinnova ten como socios a Fundación Galicia Europa, dúas asociacións portuguesas (ACIBTM - Associação para o Centro de Incubação de Base Tecnológica do Minho e ADRAT-Agencia de Desarrollo del Alto Támega), unha universidade británica (University of Glamorgan) e unha organización francesa (Bordeaux Productic). O seu orzamento é de 1,4 millóns de euros.

Feder cofinancia as accións de mellora no Museo Valle Inclán na Pobra

A Consellería de Cultura e Turismo destinará un total de 12.000 euros para a execución de accións de mellora no Museo de Valle Inclán, na Pobra de Caramiñal, para dispor de espazos axeitados e a realización de actividades culturais.

A execución das melloras, cofinanciadas dentro do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ofrecen ao Concello da Pobra a oportunidade de desenvolver, a maiores das actividades relacionadas co escritor, actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e achegar o patrimonio a un público de todas as idades.

O Museo foi inaugurado en xullo de 1981. Está instalado na Torre de Bermúdez, un edificio do renacemento vinculado á familia e ás vivencias persoais do escritor, que foi declarado Monumento Histórico-Artístico Nacional en 1976. Pioneiro nas súas pretensións de homenaxear a un autor de dimensión universal, é un centro cultural de carácter permanente aberto ao público e orientado á promoción do legado valleinclaniano.

Primeiros beneficiarios do programa Leader na Costa Noroeste

A asociación Costa Noroeste, conformada por doce concellos coruñeses, a Universidade da Coruña e máis de oitenta colectivos de carácter social e empresarial da comarca de Ferrol e Ortegal, é a beneficiaria do primeiro proxecto que se financiará cos fondos europeos do programa Leader (2007-2013). Así unha empresa de carpintaría asentada no municipio de Ortigueira, "Pérez Polo e Hijos", dedicada á fabricación de mobles de cociña, recibirá 25.413 euros -o 32% do orzamento total da intervención- para mellorar tecnoloxicamente e ampliar as súas instalacións.

A iniciativa conta co visto e prace da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) polo que é a primeira que se materializa nesta nova edición do plan Leader que substitúe ao Proder II, operativo durante o período 2000-2006.

Ademais deste primeiro proxecto, outros seis foron informados de forma favorable por Costa Noroeste e están á espera da resolución de Agader para a súa aprobación definitiva. Á marxe da iniciativa privada, os Concellos de Narón e Ares tamén presentaron propostas de actuación para sufragalas con estes fondos europeos. No primeiro caso, trátase de habilitar na Feira do Trece, na parroquia de Sedes, un centro de lavado e desinfección de vehículos de transporte de gando. Pola súa banda, o concello aresán quere botar man do plan Leader para pór en valor varios espazos verdes da localidade coa construción de dous circuítos biosaludables en Chanteiro e Cervás e dun parque en Redes.

A convocatoria de axudas permanecerá aberta para todo o período de actividade, polo que a data límite de admisión de solicitudes é o 1 de setembro de 2013, último ano de vixencia do Leader. Costa Noroeste xestionará un total de 3,7 millóns de euros de fondos europeos correspondentes ao programa Leader. O traballo de Costa Noroeste ten por obxectivo impulsar o desenvolvemento do rural mediante a dinamización do sector agrario e forestal, mellorar o medio ambiente e a contorna rural, diversificar a economía e tamén incrementar a calidade de vida.

O Fondo Europeo de Pesca axuda a financiar unha embarcación para que a Confraría de Cambados impulse a acuicultura na zona

A botadura da embarcación auxiliar Tragove servirá para modernizar o parque de cultivo Exp-Cambados e impulsar a acuicultura na zona. A Consellería do Mar financiou, con diñeiro do Fondo Europeo de Pesca, o 60% da construción desta embarcación, duns 176.000 euros en total. Esta nave permitirá que a Confraría de Cambados non teña que alugar unha, o que lle supón un forte desembolso. Co Tragove poden realizar labores de desdobre ou transportar sementes e gaiolas ata terra en calquera momento. Así, a confraría evita ter que esperar a que un armador cunha embarcación axeitada estea dispoñible.

Os comités de seguimento do FEDER o Fondo Social Europeo repasan os progresos acadados nun exercicio con especial énfase no coñecemento, a innovación empresarial e a formación

Santiago acolleu o pasado mes de xuño as dúas reunións dos comités de seguimento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo (FSE) en Galicia. Ambas as dúas reunións serviron para estudar os progresos acadados na consecución dos obxectivos específicos dos Programas Operativos destas dúas fontes de financiamento, con especial atención á complementariedade entre eles.

A reunión do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional contou coa presenza de diversos representantes da Comisión Europea como o xefe de Unidade do FEDER-España, Eric Dufeil; a administradora do FEDER e Fondo de Cohesión de Galicia, Laia Pinós, e membros da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios da Administración Xeral do Estado. Na xuntanza do Fondo Social Europeo tomaron parte representantes da Comisión Europea, en concreto un membro da Dirección General de Empleo, Manuel Tejada; e representantes da Unidade Administradora do FSE do Ministerio de Trabajo e Inmigración, dirixidos por Carlos Tortuero Martín.

Por parte do Executivo galego, encabezou a súa presenza nos dous comités o director xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda, Javier Rodríguez Seijo, se ben no do FEDER tamén estivo presente a conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás. Ademais, contouse con representantes procedentes das organizacións económicas e sociais con máis representatividade de Galicia.

Entre as conclusións expostas cómpre salientar que no que atinxe ao Feder, un total de 4.480 actuacións foron cofinanciadas en Galicia no período 2007-2009 no ámbito da economía do coñecemento e da innovación empresarial. Deste conxunto, 3.218 pertencen ao Eixe 1 de Desenvolvemento da economía do coñecemento. Nesta área as empresas beneficiadas para o total de operacións certificadas ascenderon a 2.672 e o emprego asociado acadou un total de 1.164 persoas.

Por outra banda, 1.287 proxectos foron cofinanciados no marco do Eixe 2 de Desenvolvemento e innovación empresarial. As empresas que se beneficiaron foron 1.176 e coa realización de ditas actuacións xerouse un emprego asociado de 2.167 persoas.

Entre outros asuntos, o Comité de Seguimento sometеu a exame e análise o Informe de execución da anualidade 2009, para o que se fixo unha breve presentación do avance dos indicadores das operacións certificadas pola Xunta de Galicia; e onde cobraron especial énfase os eixes 1 e 2, que corresponden ao desenvolvemento da economía do coñecemento e a innovación empresarial.

Neste contexto, describíronse as principais características da execución a través, principalmente, dos indicadores de empresas beneficiadas, número de proxectos e emprego asociado a esas iniciativas, xunto aos datos obtidos respecto ao investimento privado inducido. Tamén se abordou a situación na que se atopa o Programa Operativo FEDER en relación co cumprimento da regra n+2 referida á obriga de utilizar as dotacións financeiras definidas no Programa Operativo do fondo nos dous anos seguintes ao exercicio obxecto da análise.

Fondo Social Europeo

En canto ao Fondos Scoial Europeo (FSE), un total de 153.559 persoas beneficiáronse en Galicia das actuacións cofinanciadas pola Unión Europea durante o período comprendido entre 2007

e 2009. Unha gran parte delas foron empregados que melloraron a súa situación laboral, grazas á asistencia a cursos de formación continua ou ben porque contaron con axudas postas a disposición das empresas para a transformación de contratos eventuais en indefinidos.

Así mesmo, cobra especial importancia o colectivo de desempregados en busca dun posto de traballo, que asistiron a accións de formación, recibiron orientación e asesoramento laboral, ou obtiveron axudas para a inserción laboral entre outras medidas activas de emprego. Tamén destaca o colectivo beneficiario de accións de prevención do abandono escolar temperán, con accións de reforzo e orientación; e, xa que logo, os mestres de educación profesional que melloran as súas competencias, sobre todo de cara á innovación e á economía do coñecemento.

Cabe salientar a alta participación dos alumnos en ciclos formativos da formación profesional, dirixida a mellorar a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado de traballo laboral, xunto á promoción do potencial dos investigadores en Galicia, en particular a través de estudos de posgrao e de formación; e de actividades colaborativas en rede entre universidades, centros de investigación e empresas.

Entre outros asuntos, o Comité de Seguimento someteu a estudo o Informe de Execución da anualidade 2009, para a súa posterior aprobación. Neste marco abordouse o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo no ano precedente, e o grao de avance das mesmas respecto da programación. Deste xeito os comités de seguimento ademais estudaron os criterios de selección das operacións obxecto de financiamento previstas para os próximos meses. Tamén se analizou a execución financeira co detalle do gasto realizado, desagregado por eixes e temas prioritarios, e presentáronse os principais logros obtidos polas actuacións do Fondo Social Europeo, tanto no ano pasado como no trienio comprendido entre 2007 e 2009.

A Comisión Europea elixe A Guarda e a súa contorna como destino turístico de excelencia no marco do proxecto EDEN

A Comisión Europea elixiu A Guarda como un dos gañadores do premio Destino Europeo de Excelencia promovido polo proxecto EDEN, iniciativa que fomenta modelos de desenvolvemento do turismo sostible na Unión Europea e, a través de concursos nacionais, cada ano elíxese un destino de excelencia por cada país participante, nesta ocasión baixo o lema "O Turismo Acuático".

Unha coidadosa selección permite atraer eficazmente a atención cara aos valores, a diversidade e as características comúns dos destinos turísticos europeos. A finais de setembro terá lugar a cerimonia de entrega de premios en Bruxelas coincidindo cos actos de celebración do Día Mundial do Turismo e de xeito simultáneo celebrarase un encontro cos medios internacionais e unha exposición sobre os destinos gañadores que incluirá a instalación dun stand con material promocional dos Destinos Europeos de Excelencia. Os gañadores do premio son sempre destinos turísticos europeos emerxentes e pouco coñecidos. A desembocadura do Miño cumpre os requisitos sinalados porque conta con abondosos recursos naturais, arqueolóxicos, patrimoniais e gastronómicos pero aínda é unha contorna pouco coñecida para o gran público e ten unha densidade de visitantes baixa a respecto da media nacional e galega. Doutra parte, o seu turismo acuático está aínda pouco potenciado para o que pode ofrecer.

O proxecto EDEN axuda a difundir por toda a Unión Europea as prácticas sostibles utilizadas nos destinos seleccionados e a convertelos nun destino turístico atractivo durante todo o ano. Con isto preténdese tamén desconxestionar os destinos máis concorridos. O proxecto conta co apoio da Comisión Europea, que foi quen lanzou a iniciativa no ano 2006, e segue a xogar un papel de coordinación fundamental e que se encarga tamén de xestionar unha campaña global de comunicación dos destinos gañadores.

Novas medidas para simplificar as normas de xestión dos Fondos Estruturais e de Cohesión e para aprazar o gasto do financiamento

A UE adoptou novas medidas para simplificar as normas de xestión dos Fondos Estruturais e de Cohesión. Estes cambios van facilitar o acceso ás axudas e axilizar os fluxos de investimento nun momento no que os orzamentos públicos se atopan baixo presión. A través do tres fondos que apoian a política de cohesión, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o Fondo Social Europeo e o Fondo de Cohesión, os 455 programas desta política invisten 347.000 millóns de euros entre 2007 e 2013 en todas as rexións da UE.

Entre as novas medidas destaca a aprobación do aprazamento da aplicación da norma "n+2" de liberación de créditos segundo a cal se o financiamento asignado en 2007 non se gasta ao final de 2009, regresa automaticamente ao orzamento da UE. Cos novos cambios, será posible facer uso dos compromisos de 2007 durante un período máis longo. Así evitarase que se perdan ao redor de 220 millóns de euros en toda a UE.

O Parque Tecnolóxico de Galicia contará cun centro de investigación en novas tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas

O proxecto TECMEVA (Tecnoloxías Médicas de Vangarda) suporá a posta en marcha durante este ano 2010 dun centro de investigación en novas tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas na Tecnópole ubicada no concello ourensán de San Cibrao das Viñas. O proxecto para a creación desta infraestrutura está en marcha grazas ao financiamento de 1,73 millóns de euros procecentes do Plan Nacional de I+D+I, a través do Subprograma de Apoio a Actuacións Científicas e Tecnolóxicas en Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (ACTEPARQ) do Ministerio de Innovación e Ciencia, dotado con fondos FEDER.

O novo centro dedicarase á investigación aplicada, á transferencia de coñecemento, á formación en técnicas de Laparoscopia convencional e Fetoscopia -especialidade na que será pioneiro na comunidade galega- e á introdución na visualización laparoscópica en 3D. Ademais, desenvolverá liñas de deseño de instrumental de quirófano máis ergonómico e adaptado ás intervencións pediátricas e as que se fagan sobre fetos.

O centro dirixirá a súa actividade a hospitais, universidades e empresas do sector sanitario, coas que o Parque Tecnolóxico de Galicia buscará acordos para a explotación dos resultados da actividade científico-tecnolóxica. O director xeral de I+D+i, Ricardo Capilla garantiu o compromiso da Consellería de Economía e Industria co TECMEVA para a fase de consolidación, dada a consideración do centro como instalación científico-tecnolóxica estratéxica para Galicia.

Os novos equipamentos de Laparoscopia en 3D, unha técnica que perfecciona a convencional proporcionando unha visión natural de profundidade, facilitarán a localización dunha maneira máis fácil e segura. A pesar das súas vantaxes, o elevado prezo destas tecnoloxías fai polo de agora inalcanzable a súa adquisición por parte dos centros hospitalarios oficiais e limita o seu uso á experimentación e a aprendizaxe. Debido a isto, un dos obxectivos do centro é contar cos recursos necesarios para fomentar a súa aprendizaxe por parte dos facultativos galegos para así poder avanzar no seu desenvolvemento e implantación. Para que a formación sexa o máis efectiva posible, o centro contará con equipos de simulación que converterán as prácticas nun exercicio moi cercano á realidade clínica.

Por outra parte, o centro terá como obxectivo a transferencia do coñecemento xerado a partir do seu labor cara á comunidade científica e médica, para o que estará dotado dun sistema de vídeoconferencia que garanta a difusión dos labores de investigación entre a comunidade científica e favoreza os intercambios de información a distancia, incluíndo a demostración experimental, que pode ser de gran utilidade a nivel docente. A transferencia de resultados orientarase tamén cara á industria. A xestión do novo centro, que recaerá directamente sobre a Tecnópole, inclúe chegar a acordos de colaboración con empresas de material cirúrxico para o desenvolvemento de instrumental máis ergonómico e, en especial, adaptado ás técnicas aplicadas a nenos e fetos.

ENTREVISTA

‘‘AS REXIÓNS DEBEMOS TER UN PAPEL MÁIS ACTIVO NA XESTIÓN DAS NOSAS PESQUEIRAS’’

ROSA QUINTANA CARBALLO
Conselleira do Mar

”GRAZAS AOS FONDOS QUE VIÑERON DE EUROPA FOMOS CAPACES DE DESENVOLVER O NOSO SECTOR PESQUEIRO, AGORA TRABALLAMOS PARA MANTELO FORTE E ACTIVO”

“CREO QUE A FINAIS DESTE ANO TEREMOS XA PREPARADO O PLAN DE ACUICULTURA NO QUE A EMPRAZAMENTOS SE REFIRE. BUSCAMOS DARLLES SEGURIDADE XURÍDICA AOS INTERESADOS EN INVESTIR EN GALICIA”

“TEMOS A NECESIDADE DE FACER UN CAMBIO GLOBAL NA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN, QUE FAGA QUE TODOS OS SECTORES POIDAN TER OS SEUS PLANS DE FUTURO”

A maior parte dos fondos comunitarios que chegan a España terminan en Galicia. A relación da nosa comunidade con Europa acada pola vía do mar unha especial relevancia. Rosa Quintana salienta a súa repercusión fundamentalna economía galega: “Galicia recibe o 45 % do Fondo Europeo da Pesca (FEP) para o período 2007-2013 de gasto público total das rexións de converxencia de España, máis de 700 millóns de euros”.

Que lle ofrece Europa, que incidencia ten, no sector da pesca e marisqueo en Galicia?
Europa ofreceunos unha parte importante do que é hoxe o sector, porque grazas aos fondos que viñeron da Unión Europea fomos capaces de desenvolver o noso sector pesqueiro. O que ocorre é que moitas veces as normas que publica a UE aféctannos de maneira global, e non se ten en conta a realidade dos diferentes subsectores que temos en Galicia. Nestes momentos traballamos en solucionar esta problemática tratando de buscar o achegamento recíproco de Galicia e a Unión para que coñezan o noso sector e sexan capaces de perfilar as normas que nos permitan manter un sector forte e activo.

Que grao de execución teñen eses fondos?
O FEP debe considerarse como un conxunto homoxéneo a desenvolver nun período de tempo relativamente longo, como pouco sete anos, de tal forma que soamente se poderá realizar unha valoración precisa do seu grao de execución ao final do período e non de maneira parcial. Fundamentalmente isto vén motivado, como dicía antes, porque a planificación destes fondos se fai a un prazo medio-longo, de forma que durante o seu período de vixencia é posible modificar as consignacións financeiras asignadas a cada medida e distribuílas entre outras se fose necesario.

Pero cales son as sensacións?
Estamos constatando que as previsións iniciais, en determinadas medidas quedáronse curtas e noutras non se están cumprindo as previsións. Neste sentido, a crise económica está xogando un papel fundamental en modular e condicionar a execución destes fondos; así, medidas destinadas ao cese definitivo ou temporal da actividade pesqueira, a modernización das industrias de transformación ou as axudas destinadas a proxectos colectivos no sector da baixura están tendo unha demanda significativamente maior que a prevista inicialmente, mentres que outras presentan graos de execución moi baixos, ben por falta de interese por parte

dos interesados (como sería o caso da pesca costeira artesanal) ou por falta dun adecuado marco xurídico para o seu desenvolvemento (caso das axudas para a acuicultura no relativo á construcción de granxas en terra).

Está satisfeita polo grao de execución dos fondos?

Podemos dicir que é importante pero non de todo satisfactorio; algunhas medidas presentan niveis de execución lixeiramente superiores aos previstos inicialmente, mentres que outras presentan graos de infraexecución sensibles. Un político nunca debe caer na autocompracencia e, por suposto, sempre está na miña actuación e na de todo o meu equipo, mellorar todo aquelo que facemos e, en concreto, no caso dos fondos FEP con maior intensidade dada a súa repercusión fundamental sobre o complexo mar-industria de Galicia.

Cara a que ámbitos ou actuacións se destinan eses cartos? Priorízanse aspectos como a modernización da flota ou a diversificación de actividades económicas do sector pesqueiro?

O FEP distribúese en cinco eixes e unha serie de medidas dentro de cada eixe; a priorización de cada medida ven inicialmente reflectida na súa asignación financeira.

Por un lado está o eixe de medidas de adaptación da flota pesqueira, á que se designan cerca de 200 millóns de euros. Dentro deste bloque inclúense as paralizacións definitivas e temporais de actividades pesqueiras, e as inversións a bordo dos buques pesqueiros e fomento da selectividade na actividade pesqueira.

Outro eixe importante é o da acuicultura para o que dispomos de máis de 310 millóns de euros. En terceiro lugar atópanse as medidas de interese público ás que se designan case 149 millóns de euros. A continuación está o desenvolvemento sostible das zonas de pesca, para o que se adxudican 40 millóns de euros.

O último eixe dos FEP é a asistencia técnica para desenvolver as accións que engloba este fondo e á que se proporcionan máis de cinco millóns de euros. En total isto supón máis de 700 millóns de euros.

É a acuicultura tamén unha prioridade? Para cando estará listo o Plan de Acuicultura?

A acuicultura é unha prioridade tanto para Galicia como para a Unión, que, vistos os últimos comunicados e documentos feitos públicos, tamén é consciente de que necesitamos desenvolver esta actividade co fin de producir proteínas para alimentar á nosa sociedade. Desde Galicia seguimos apostando pola acuicultura e creo que a finais deste ano teremos xa preparado o Plan no que a emprazamentos se refire. Este plan busca darlles seguridade xurídica a aquelas persoas que estean interesadas en investir en acuicultura en Galicia.

Que papel xogan os grupos de acción costeira locais na execución dos fondos europeos? ¿Cal é a clave para que estes colectivos sexan operativos e dinámicos?

Tal e como se está estructurando o futuro instrumento financeiro que substituirá ao Fondo Europeo da Pesca, podemos sinalar que os cartos que poidan vir da Unión Europea virán para o desenvolvemento deste eixe de actuación a través dos grupos. O que se pretende é que estas entidades, que viven de cerca a realidade das zonas costeiras, coñezan e determinen cales son os proxectos que deben dinamizar esas zonas. Para que sexan máis dinámicos, teñen que participar máis en todo o proceso de desenvolvemento social, e saber avaliar cales son os proxectos que poden dar un pulo económico na área na que están integrados os formantes dos propios grupos.

Síntese preocupada ante o horizonte do 2013 cando Galicia deixe de ser rexión obxectivo convergencia? Como chegarán entón as axudas comunitarias?

A preocupación existe, pero tamén temos claro que Galicia ten que ser capaz, nestes anos que nos quedan ata o 2013, de desenvolver proxectos de futuro que sexan capaces de ser competitivos no tempo. Nós, na lexislatura de 2001-2005, convencemos ao sector de que tiña que saber aproveitar os fondos que tiveramos ata o 2013 para facernos competitivos. Nesta etapa quédanos recuperar o tempo perdido e conseguir que para o ano 2013 teñamos un sector unido, fronte a un sector apolillado e desunido que nos encontramos en 2009, e que ese sector unido sexa capaz de manter proxectos consolidados e viables económica, ambiental e socialmente.

Anúnciase unha reforma na política pesqueira comunitaria que non acaba de chegar, que espera desa reforma? Cal é, en liñas xerais, a proposta que lle fixo chegar Galicia á comisaría europea?

Temos moita esperanza en que sexa realmente unha fonda reforma da Política Pesqueira Común. A propia Unión Europea valorou que a Política Pesqueira que existiu ata o momento fracasou. Polo tanto, compartimos coa UE, a necesidade de facer un cambio global na Política Pesqueira Común, que faga que todos os sectores poidan ter os seus plans de futuro claros. A grandes trazos, Galicia entende que é mellor o sistema de esforzo pesqueiro, de maneira xeral, para o control das pesqueiras das grandes unidades de pesca cuxa actividade se destina a abastecer as industrias e para a altura e grande altura. Entendemos, ademais, que a acuicultura debe formar parte activa da PPC; pero o que non entendemos

é que a Política Pesqueira Común sexa unha política distinta ao resto das políticas do mercado da UE; que é o que está pasando nestes momentos. Entendemos que a pesca artesanal debe ter un réxime diferenciado entre a pesca de altura e grande altura e entendemos que as rexións debemos ter un papel máis activo á hora de tomar decisións sobre a xestión das nosas pesqueirías, avanzando na gobernanza.

Cree que mellorou a xestión das pesqueiras, hai futuro para as empresas do sector incluso nun momento de crise global como o presente?

Estamos intentando mellorar a xestión das pesqueiras no que se refire a augas interiores. Para elo, estamos elaborando o decreto que regula todas as artes e aparellos de pesca que se poden utilizar en Galicia. Cando este decreto entre en vigor, funcionaremos mellor. De calquera maneira, tamén estamos traballando na concienciación do sector porque son eles mesmos os que deben manter unha xestión adecuada na explotación dos nosos recursos. Cremos que este sector ten futuro aínda neste momento de crise. De feito, os datos amosan que nos estamos encontrando manteñen unha estabilidade en canto a producción e prezo; e realmente o que nós necesitamos é darlle a forma para que consiga ter ese desenvolvemento de futuro.

Neste contexto, que importancia lle concede a incentivar a I+D no sector e as liñas de axudas que ofrece o Fondo Europeo da Pesca?

A I+D é de suma importancia, especialmente no que a coñecemento científico da actividade se refire. Cremos que a Administración debe fomentar un achegamento entre o mundo científico e o mundo productivo, precisamente nun sector que necesita que as súas actuacións estean sempre respaldadas por ese seguimento científico que nos vaia mantendo informados de cómo está a explotación dos nosos recursos.

Somos conscientes de que temos unha potencia económica nos nosos mares e polo tanto, tanto o sector como a Administración (refírome á que xestiona os recursos como todas as universidades e campos de investigación), temos a responsabilidade de manter os nosos recursos en niveis óptimos, co fin de que poida haber presente e futuro para este sector. Ademais, é básico ese achegamento entre profesionais da pesca, do marisqueo e a acuicultura e os científicos e Administración para garantir a aplicación práctica dos avances, para a transferencia de tecnoloxía. Isto é así en canto a que as actividades marítimo – pesqueiras teñen moitas peculiaridades que uns coñecen e o desenvolvemento tecnolóxico posúe aspectos que non son de dominio xeral, polo que ambos os coñecementos complementados deberían dar unha suma positiva para o sector e para Galicia.

"NON ENTENDEMOS QUE A POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN SEXA UNHA POLÍTICA DISTINTA AO RESTO DAS POLÍTICAS DO MERCADO DA UNIÓN EUROPEA, E ISO É QUE ESTÁ PASANDO NESTES MOMENTOS".

"É BÁSICO O ACHEGAMENTO ENTRE PROFESIONAIS DA PESCA, DO MARISQUEO E A ACUICULTURA E OS CIENTÍFICOS E ADMINISTRACIÓN PARA GARANTIR A APLICACIÓN PRÁCTICA DOS AVANCES E PARA A TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA"

Grupos de Acción Costeira

EUROPA DINAMIZA O LITORAL GALEGO

GALICIA É A REXIÓN PESQUEIRA MÁIS IMPORTANTE DE ESPAÑA E DE EUROPA. APORTA O 47% DA FLOTA DO ESTADO, NO QUE A POTENCIA PESQUEIRA SE REFIRE. A UNIÓN EUROPEA, CONSCIENTE DA IMPORTANCIA PESQUEIRA DA COMUNIDADE, DECIDIU CONCEDERLLE A GALICIA SETE GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA, COLECTIVOS QUE ABRANGUEN UN ÁMBITO DE ACTUACIÓN EQUIVALENTE Á TOTALIDADE DO LITORAL GALEGO, EXCLUÍNDO AS GRANDES POBOACIÓNS COMO A CORUÑA, FERROL, PONTEVEDRA OU VIGO

Os grupos de acción costeira son colectivos de carácter local constituídas polas organizacións do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, organizacións sociais, medioambientais e culturais do sector empresarial e polas administracións locais que adoptan a forma xurídica de asociación para defender intereses que son comúns na súa bisbarra.

Galicia seleccionou sete zonas costeiras que fixan os seus obxectivos na diversificación do sector pesqueiro e na súa superviviencia nunhas condicións máis favorables. Os GAC son os formados polas zonas da Mariña, Golfo Ártabro, Costa da Morte, Fisterra-Muros-Noia, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra, e Ría de Vigo-Baixo Miño.

Coa posta en marcha dos grupos preténdese converter as confrarías en auténticos motores da sociedade, permitindo a transformación das lonxas en eixes económicos capaces de artellar unha unión dos pobos costeiros ao medio que lles é próximo, o mar. Aproveitan as oportunidades de Europa para diversificar as actividades das zonas costeiras e manter viva a súa proximidade, a interrelación entre a sociedade e os peiraos. Un reforzo da comunidade mariñeira que garantirá un futuro aos que na actualidade desenvolven labores marítimas e a todos aqueles que decidan tomar o legado xeracional dun oficio milenario.

A creación dos GAC pretende fortalecer o sector pesqueiro mellorando a súa competitividade e o seu potencial produtivo, conservar e mellorar a calidade medioambiental do ecosistema mariño, diversificar as actividades actuais a través do desenvolvemento do patrimonio cultural e do turismo, así como promover un enfoque máis participa-

tivo no desenvolvemento local e a xestión dos recursos, á vez que se consolida a igualdade de oportunidades e a cohesión social.

Cada unha das sete zonas de pesca constituídas en Galicia acomete a súa estratexia de funcionamento sostible da zona a través do seu propio plan estratéxico zonal (PEZ) que o propio grupo propuxo e aprobou a Consellería do Mar. Cada Plan Estratéxico determina as actuacións que se van executar en cada zona, así como os criterios de selección de proxectos mentres dura o programa europeo, ata decembro de 2013.

Zonas prioritarias

O Fondo Europeo da Pesca ten destinado un total de 40 millóns de euros para os GAC dentro dos prazos 2007-2013. Destina o 10% para cada zona excepto para os grupos 3 e 4, Costa da Morte e Fisterra-Muros-Noia que reciben o 25% cada un, é dicir, a metade do orzamento total.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Susana Rodríguez Carballo, explica que esta "discriminación positiva" para os dous grupos ten que ver cun estudo previo sobre as necesidades e punto de partida de cada zona de pesca. "Trátase de zonas prioritarias pola súa situación económica e de declive e polo tanto reciben unha maior atención por ser territorios máis dependentes".

Unha vez os grupos de acción costeira foron constituídos e que cada un deles presentara e aprobara o seu Plan Estratéxicos Zonal, a Consellería convocou as axudas para desenvolver os proxectos propostos por cada colectivo. As axudas concédense en concorrencia competitiva, é dicir, selecciónanse de entre

UNHA EFICAZ CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO

Os promotores dos proxectos que se canalizan polos Grupos de Acción Costeira necesariamente teñen que estar empadroados ou ter a súa sede social na zona de pesca e o proxecto debe desenvolverse nesa zona. Os Grupos contan cun xerente e cun equipo técnico especializados no asesoramento aos promotores dos proxectos. Segundo Susana Rodríguez, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, "nunha época de crise como a actual é difícil atopar promotores", polo que desde a Xunta e os GAC se ofrecen todas as facilidades para que a xente se anime e presente proxectos capaces de dinamizar as zonas costeiras a través da diversificación das actividades tradicionais.

O sentido dos Grupos fundaméntase en proxectos que contribúan á diversificación económica do sector pesca-mar a través do aproveitamento dos seus recursos ou integrando na cadea empresas do sector. Para iso pensouse no aproveitamento das empresas no desenvolvemento turístico do territorio, proxectos de comercialización de productos do mar ou novos aproveitamentos dos productos pesqueiros, así como na creación de empresas de deportes náuticos. En ningún caso a participación pode supor un incremento do esforzo pesqueiro, maior esforzo extractivo.

Ademais da contía que cada un dos proxectos recibe tras ser aprobados, a Consellería do Mar asinou un convenio de colaboración coas entidades de aforro Caixanova e Caixa Galicia que recolle a creación dunha liña de préstamos por importe de 80 millóns de euros cada unha para financiar as iniciativas. A maiores, ambas as entidades outorgarán unha contía máxima anual de 500 euros a fondo perdido a cada Grupo que asine convenios de colaboración coas entidades e que teñan por obxecto promover as actividades dos seus asociados. A duración dos acordos chegará ao 2013.

Desde o departamento que dirixe Rosa Quintana explican que os proxectos aínda que sexan sinxelos poden ser estructurantes coa dinámica do grupo. "Hai que tirar polas liñas que permitan manter a prosperidade económica na propia zona, regularizar os productos da pesca e mellorar a súa presentación para os mercados", explica a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. "En todo o que facemos estannos mirando con lupa desde Europa", remarca. "É a primeira vez que se traballa desde o territorio, desde abaixo cara arriba e Europa está á espera dos resultados porque somos unha das comunidades con máis presuposto para executar. O obxectivo último é manter a poboación e crear emprego". E matiza uns dos obxectivos últimos que persiguen: "Temos que recuperar o patrimonio cultural e ambiental na zona e que todo o esforzo lles sirva ás familias para manterse e vivir ben, mellorar o nivel de vida sen verse obrigados a abandonar o territorio. Que haxa unha substitución xeracional anque poidan ter alternativas de traballo complementarias", apunta.

ENQUISA

1. Cantos socios compoñen o Grupo?
2. Qué agarda que lles poda achegar esta iniciativa?

MAR LÓPEZ LEITÓN
Xerente do GAC 1 A Mariña-Ortegal
Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira e Valdoviño.

1. 50 socios.
2. A parte negativa sería a escasa cantidade de promotores de proxectos productivos, aspecto que melloraremos para convocatorias seguintes. Conseguiremos máis proxectos para fortalecer a economía dos nosos pobos costeiros aproveitando os fondos europeos.

FEDERICO LÓPEZ VIÑAS
Xerente do GAC 2 Golfo Ártabro
Narón, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, Arteixo, Cambre e Culleredo.

1. Ademais dos concellos, somos 50 asociacións e entidades públicas do territorio e as 8 confrarías da zona.
2. Esperamos que o programa mellore a calidade de vida da xente do mar e da poboación costeira a través da diversificación de actividades, complementarias ao turismo, así como unha mellora medioambiental de nosas rías que son medio de vida da xente do mar.

GUILLERMO GONZÁLEZ DÍEZ
Xerente GAC 3 Costa da Morte
Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Camariñas, Muxía, A Laracha e Vimianzo.

1. 75 entidades públicas, 13 do sector pesqueiro, 11 do económico e 42 do sector social.
2. Unha das principias dificultades que acadamos é o descoñecemento do sector do mar con este tipo de proxectos de enfoque territorial. Os resultados baseanse na participación dos axentes económicos e sociais do territorio no programa, no incremento do nivel de renda do territorio e contribuíu á diversificación das actividades da xente relacionada co mar.

MANUELA OVIEDO HERMIDA
Xerente do GAC 4 Fisterra-Ría de Muros
Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia e Porto do Son.

1. 31 socios.
2. Ainda é cedo para falar de resultados, pero estamos cumprindo os obxectivos previstos de participación.

ROSA CARBALLO MARTÍNEZ
Xerente do GAC 5 Ría de Arousa
Santa Uxía de Ribeira, Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño e O Grove.

1. 130 socios.
2. Buscamos que a xente presente proxectos consistentes, de xeito que cando remate a subvención teñan continuidade.

LAURA NIETO ZAS
Xerente do GAC 6 Ría de Pontevedra
Sanxenxo, Poio, Marín e Bueu.

1. As confrarías da nosa ría e asociacións profesionais.
2. Esperamos que os proxectos se convertan nun motor para a difusión, consolidación e expansión dos grupos e que eles mesmo crean que poden desenvolver o territorio.

ELENA HERBELLO PUENTES
Xerente do GAC 7 Ría de Vigo-A Guarda
Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.

1. Asociacións económicas, sociais e sector pesqueiro conforman o grupo.
2. Esperamos que se fortaleza a economía das poboacións pesqueiras da ría de Vigo e se incremente a capacidade organizativa do sector pesqueiro. Intentaremos que se eleven as rendas e a calidade de vida dos seus habitantes e se conserve a contorna, os recursos naturais e o patrimonio.



os proxectos presentados os que obteñen unha maior puntuación segundo a aplicación dos criterio de valoración establecidos en cada un dos plans estratéxicos.

Hai unhas semanas a Consellería do Mar resolveu a primeira tanda de proxectos presentados polos grupos. Aprobou 62 iniciativas que axudarán aos GAC a dinamizar o litoral galego cun importe total de 4.558.376 euros. Do total dos proxectos aprobados, 21 deles con produtivos e 41 non produtivos. As axudas finánciánse con cargos a fondos do FEP (61%), fondos do Estado (19,5%) e fondos da Comunidade Autónoma (19,5%).

O carácter produtivo ou non dun proxecto está definido pola natureza do investimento. Os produtivos son os proxectos que aspiran a favorecer unha actividade de lucro para o promotor ou emprendedor que a propón. Están desenvolvidos por pequenas ou medianas empresas e caracterízanse porque tenden a proporcionar unha autosuficiencia económico-financeira a longo prazo. Os non produtivos, pola contra, son proxectos que non pretenden desenvolver unha actividade económica, son proxectos de interese público cuxa finalidade non é obter un beneficio económico senón social. O grao de financiamento para os proxectos produtivos non pode ser superior ao 60% mentres que os investimento non produtivos poden chegar ao 100%.

COMERCIALIZACIÓN DO MARISCO OU PANEIS SOLARES NA LONXA

Dos proxectos ata o de agora aprobados pola Consellería do Mar, destacan especialmente aqueles que aproveitan os recursos dos que se dispón para fortalecer a competitividade do sector, a igualdade de oportunidades ou a cooperación.

Entre os proxectos máis salientables figura unha iniciativa non produtiva que pretende incrementar o valor engadido dos produtos da pesca, concretamente do berberecho extraído polas mariscadoras, mediante a mellora da súa comercialización. As promotoras, as mariscadoras da foz do río Anllóns, pretenden a distribución do molusco a través da súa entrega a puntos de venda retallista, á hostalería e a través do propio centro de degustación da agrupación.

A iniciativa está respaldada polo GAC 3, o da Costa da Morte. As mariscadoras converterán o seu local no lugar desde o cal comercializar o berberecho para o que xa teñen instalada unha depuradora de circuíto pechado. O obxectivo é conseguir un produto diferenciado que ofreza valor engadido. Para logralo planificaron tres actuacións: mellorar o coñecemento do produto, garantir a súa distribución en óptimas condicións e obter a súa diferenciación. Para conseguir que o produto sexa coñecido, organizaran visitas guiadas á casa das mariscadoras, crearán un punto de degustación dos berberechos no seu local e difundirán coa colaboración dun profesor de hostalería diferentes formas de elaborar pratos con berberechos. A actividade diríxese a cociñeiros e restauradores.

Así mesmo, adquirirán un vehículo isotermo que distribúa directamente o berberecho á hostalería e puntos de venda retallista previo encargo, en óptimas condicións e con garantía de orixe. De cara a mellorar a imaxe e a diferenciación do produto farán un taller artesanal de cestería para realizar embalaxes a partir de materia sobrante das artes da pesca.

Dentro do GAC 3, a confraría de pescadores de Malpica de Bergantiños pretende mellorar a trazabilidade do peixe na lonxa para o que adquirirá unha serie de frigoríficos que empregará como expositores do pescado. Os novos sistemas permitirán dar un valor engadido a un produto de gama alta que comercializan: o percebe. Melloraranse ademais as condicións sanitarias e adquirirán a implantación de novas tecnoloxías da comunicación que permitan un incremento de servizos en autoservicio os socios, asociados e clientes con puntos de información na lonxa e sistemas de etiquetados.

O GAC 7 a través da confraría de pescadores de Baiona instalará paneis solares na cuberta do edificio da lonxa do porto do municipio para diminuír os custos de consumo e conseguir maior sustentabilidade económica. A lonxa está dotada de cámaras de frío que supoñen un incremento das necesidades de enerxía eléctrica, xestionada a través da confraría de pescadores. Para diminuír eses custes instalaranse paneis de enerxía fotovoltaica repercutindo nun beneficio para todo o colectivo pesqueiro e marisqueiro de Baiona.

Tamén no GAC 7, a empresa Mar de Silleiro presentou un proxecto que pretende mellorar a xestión e os ingresos dos percebeiros diversificando a forma de comercializar o producto extraído. A idea ten a súa orixe nunha acción coa que se pretendía recuperar zonas con percebe de escaso valor comercial mediante técnicas de limpeza.

No ano 2005 realizáronse as primeiras experiencias de aproveitamento da vianda do percebe mediante a súa transformación para o que se contou coa colaboración de tres empresas conserveiras: Gelopa, Conservas Lou e Conservas Portomuiños. Naceron entón as primeiras latas de percebiños fabricadas por conservas Portomuiños, percebe cocido ao natural. Entre os anos 2008 a 2010 as confrarías de Baiona, Bueu a A Guarda elaboraron un estudo de mercado e un plan comercial para a venda das conservas elaboradas a partir de percebe de escaso valor comercial en fresco. Finalmente, percebeiros de Baiona e A Guarda crearon a empresa Mar de Silleiro para extraer e adquirir percebe de escaso valor comercial en fresco, producir dous tipos de conservas con fórmulas exclusivas elaboradas mediante acordo cunha conserveira e comercializar o produto directamente no mercado.

A CONFRARÍA DE PESCADORES DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PRETENDE MELLORAR A TRAZABILIDADE DO PRODUCTO NA LONXA PARA O QUE ADQUIRIRÁ UNHA SERIE DE FRIGORÍFICOS QUE EMPREGARÁ COMO EXPOSITORES DO PESCADO; EN BAIONA E A GUARDA UN GRUPO DE PERCEBEIROS QUERE DARLLE VALOR AO PRODUTO QUE NON SAÍA AO MERCADO



Zona de Pesca	Area (km²)	Población (habitantes)	Densidad de población (habitantes/km²)	Fondos Públicos 2007-2013/ M€
1. Mariña-Ortegal	556,9565217	85.827,00	154,10	3.7
2. Golfo Ártabro	518,3121456	226.689,00	437,36	3.7
3. Costa da Morte	818,3274312	75.102,00	91,775	9.3
4. Seo de Fisterra-Ría de Muros/Noya	427,4571788	66.258,00	155,005	9.3
5. Ría de Arousa	383,2655234	151.946,00	396,451	3.7
6. Ría de Pontevedra	291,4114615	149.490,00	512,986	3.7
7. Ría de Vigo-Baixo Miño	328,6277729	127.315,00	387,414	3.7

FEP Presupuesto 2007-2013	% of EFF Budget on Axis 4	Presupuesto FEP Eje 4 / €	Fondos Nacionales /€	Total fondos públicos / €	Media de fondos públicos por Grupo / Mio €	Número de Grupos
España	4.36	49 212 448.07	28 534 674.54	77 747 122.61	2 – 10	25
			16.000.000			

Galicia	5.7	24 000 000.00	*Fondos CCAA + Estado	40 000 000.00	5.7	7

INTECMAR

O VIXÍA DAS COSTAS GALEGAS

O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA TRABALLA DESDE VILAXOÁN PARA GARANTIR E CONTROLAR A CALIDADE DO MEDIO MARIÑO E A APLICACIÓN DAS DISPOSICIÓNS LEGAIS EN MATERIA TÉCNICO-SANITARIO DOS SEUS PRODUTOS

Fai pouco máis dun ano un nutrido grupo de autoridades pesqueiras de diversos países centroamericanos entre os que se atopaban ministros de Panamá, Belice ou Costa Rica acudiron ata o Intecmar guiados por responsables de política rexional da Unión Europea. Querían coñecer como se planifican, financian e executan as iniciativas de desenvolvemento comunitario e a do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño é unha delas, unha bandeira referencial na que traballan preto dun centenar de persoas.

Non hai paróns nin vacacións no Intecmar, sempre alerta e vixiante. "Somos un centro de control mariño que serve para dar unha garantía ao consumidor dos productos que saen dese medio, para que saiban que cumpren coa lexislación sanitaria e con todo o paquete de hixiene lexislado fai xa seis anos; pero somos tamén un centro de garantía para os productores", apunta Covadonga Salgado, directora do Intecmar.

Galicia produce case o 40% do mexillón europeo e unha cuarta parte do mundial, unha riqueza que convive cunha contorna, a das nosas rías, especialmente rica en fitoplancton que tamén produce toxinas. Hai mareas vermellas o que obriga a contar cun centro de



control de biotoxinas punteiro.

Aí opera o Intecmar, precursor xa desde o ano 1992, capacitado para determinar se os froitos do mar teñen que depurarse ou non para ofrecer garantías ao consumidor ou discernir o grao de contaminación por hidrocarburos, metais pesados ou compostos organoclorados das augas que nos rodean. "Temos programas de control e estacións de medición de datos desde Ribadeo á Guarda, aí xeramos moita información", apuntan desde Vilaxoán.

"Somos un centro de control, non exactamente de investigación, anque colaboramos en proxectos de investigación da Unión Europea ou traballamos con entidades como o Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), o Instituto Español de Oceanografía ou con departamentos de diversas universidades", aclara a responsable do centro, un ente dependente da Consellería do Mar, que dispón ademais dunha parte de financiamento procedente de fondos comunitarios.

Así, os obxectivos que persegue o Intecmar poden resumirse en catro. Por unha parte, dar cumprimento á lexislación vixente en materia de hixiene sanitaria; garantir ao consumidor un bo producto, dotar ao sector productivo dunha estratexia para poder convivir con fenómenos naturais como a marea vermella e conferir aos productos galegos unha diferencia competitiva no mercado a partir desa catalogación de seguridade.

Comercialización

É aí, neses dous últimos valores, onde o Intecmar cobra especial importancia para boa parte do tecido empresarial que depende do mar. "Porei un exemplo", anticipa Covadonga Salgado. "Os bancos marisqueiros de vieira pecháronse en Galicia no ano 1995 pola acumulación de toxina amnésica. Desde ese momento traballamos analizando vieiras unha a unha e por órganos, de maneira que facilitamos datos á Unión Europea e a grupos de traballo continentais para que fora posible que vira a luz unha nova lexislación que permite comercializar a vieira eviscerada, de maneira que previamente se poden retirar as partes tóxicas e chegar ao consumidor. Esa estratexia de comercialización favoreceuse grazas ao gran volume de información que recollemos no Intecmar", explica a súa directora.

Neste contexto de axuda é onde se suceden as achegas. As toxinas lipofílicas, das que as máis comúns en Galicia son as do grupo diarréico, acostuman a que numerosos polígonos de bateas de Galicia boten o peche durante semanas ou meses. Nesa coxuntura o sector acode ao Intecmar para pedirlles unha ferramenta: o reparqueo, porque hai bateas en determinadas zonas nas que eses episodios tóxicos terán menos afectación. "Ou onde a desintoxicación natural ten lugar antes que nos outros parques", apunta Covadonga Salgado. A tarefa do Intecmar é medir e informar para



que poida autorizarse ese traslado das bateas a espazos libres de toxinas. "A frecuenza mínima da mostraxe é semanal, pero chegamos a facer cinco á semana", puntualizan os especialistas. A Unidade de Biotoxinas do Intecmar realiza un promedio de 17.000 análises ao ano.

As liñas de traballo medran, as achegas tamén. O desastre do Prestige serviu para crear unha unidade de observación próxima. Entón chegou a Vilaxoán persoal técnico de outros centros para seguir a deriva das manchas de fuel próximas á costa e manter á poboación informada sobre o seu percorrido. "Desde entón funcionan as unidades de documentación e apoio científico e a de modelado oceanográfico, porque empezamos a utilizar modelos para ser capaces de predicir as traxectorias das manchas. Tamén, tras aqueles feitos, a unidade de hidrocarburos se implantou con carácter permanente para determinar con precisión qué zonas teñen niveis elevados", explican.

Ademais unha recente remodelación e ampliación das instalacións, ubicadas no peirao pesqueiro de Vilaxoán, serviu para reubicar as unidades de bioxeoquímica e de oceanografía e fitoplancton que son as encargadas de facer o seguimento e control das condicións oceanográficas, dos nutrintes inorgánicos, da materia orgánica disolta e dos hidrocarburos aromáticos disoltos na costa galega.

Con todo, a faceta que máis relevancia dá ao Intecmar é a derivada da súa capacidade para poder actuar sobre unidades de produción de reducido tamaño, por manter unha frecuencia de mostraxe moi intensa por cubrir todas as zonas de produción da costa galega e por controlar todos os grupos de especies sometidos á explotación comercial do marisqueo e da acuicultura. En mans dos profesionais do Intecmar está a clasificación das zonas de produción de moluscos, bivalvos e outros invertebrados segundo a reglamentación europea.

En función da carga bacteriana que existe na zona onde crecen determínase se poden consumirse directamente, se deben de pasar un proceso de depuración ou se debe de sufrir un tratamento térmico a través de cocedeiro ou conserva. "Tradicionalmente o molusco está ligado ao consumo en fresco así que tras a entrada en vigor da normativa establecéronse convenios coas confrarías para que tivesen axudas compensatorias no caso de que non traballasen en espazos de producción apta sen depurar, foméntase así que os mariscadores manteñan os bancos vivos", detallan no Intecmar.

As zonas libres de restriccións, ou grupo A, escasean. Galicia non ten a costa despoboada e esa presión antropoxénica ten un custe. Desde o peirao de Vilaxoán vixían. "Nalgúns casos facemos mostras diarias, en fitoplacton facémolo con carácter fixo semanal; se falamos de contaminación microbiolóxica a frecuencia é de semanal a bimensual se estamos nunha zona estable; coa contaminación química a dinámica o proceso é máis lento e acostuman facerse dúas mostraxes ao ano", explican.

O traballo atrae a quen queira aprender. A delegación centroamericana foise impactada. Pouco despois, dous técnicos da Axencia de Desenvolvemento Económico do Goberno de Chile, que traballan estreitamente co seu sector mexilloeiro, coñeceron as liñas de investigación do centro e o seu rol no coñecemento e control das mareas vermellas. Cada ano o Intecmar acolle un curso organizado pola Comisión Oceanográfica intergubernamental (COI) da Unesco, a Axencia Española de Cooperación Internacional e Desenvolvemento (AECID) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO), por medio do seu Centro Oceanográfico de Vigo, sobre os programas de seguimento de biotoxinas mariñas, segundo a regulamentación europea. Técnicos africanos e latinoamericanos, con experiencia nos análises de biotoxinas mariñas visitan Vilaxoán e expoñen e acadan coñecemento.

GALICIA PRODUCE CASE O 40% DO MEXILLÓN EUROPEO, UNHA RIQUEZA QUE CONVIVE CUNHA CONTORNA QUE PRODUCE TOXINAS. HAI MAREAS VERMELLAS O QUE OBRIGA A CONTAR CUN CENTRO DE CONTROL DE BIOTOXINAS PUNTEIRO

EN MANS DOS PROFESIONAIS DO INTECMAR ESTÁ A CLASIFICACIÓN DAS ZONAS DE PRODUCCIÓN DE MOLUSCOS, BIVALVOS E OUTROS INVERTEBRADOS SEGUNDO A REGLAMENTACIÓN EUROPEA



NOVAS MELLORAS PARA DEPURAR E GARANTIR O ABASTECEMENTO NA REDE HIDRÁULICA

A AUGA CONSTITÚE UN RECURSO FUNDAMENTAL PARA A RIQUEZA AMBIENTAL, PAISAXÍSTICA E SOCIOECONÓMICA DE GALICIA, POLO QUE É PROTEXIDO E DEFENDIDO POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. GALICIA EXERCE AS SÚAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE AUGAS A TRAVÉS DUN DOS PRINCIPAIS XESTORES DA POLÍTICA HIDRÁULICA DE GALICIA, O ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALICIA, PERTENCENTE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS



OS FONDOS FEDER E DE COHESIÓN FACILITAN RECURSOS PARA QUE AUGAS DE GALICIA POIDA DISPOR DUNHA PLANTA QUE GARANTA O SUBMINISTRO NOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN

Os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (Feder) e en xeral a política rexional de cohesión facilítan uns recursos a Augas de Galicia cos que acometer as principais funcións para as que foi creado: elaboración do plan hidrolóxico, administración e control do dominio público hidráulico, construcción e explotación das obras hidráulicas e autorización das obras de verquidos desde terra ás augas do litoral galego.

Ademais, Augas de Galicia persegue un dobre obxectivo que guía a súa acción. Dun lado, o saneamento, para o que trata de dar cumprimento á Directiva 91/271 CEE de tratamento de augas residuais, unha normativa que marca a obriga de que todos os núcleos de poboación de máis de 2.000 habitantes dispoñan de área de tratamento de depuración secundaria. O segundo obxectivo é o abastecemento, que implica garantir en cantidade e calidade o subministro de auga á poboación naqueles núcleos previstos na planificación do organismo.

Na actualidade Augas de Galicia está a desenvolver proxectos de abastecemento e saneamento da rede hidráulica galega en oito concellos por un valor superior aos trece millóns de euros, actuacións todas elas financiadas nunha porcentaxe polas administracións locais e autonómica e, noutra, polos fondos Feder e de cohesión, que poden asumir ata o setenta por cento dos custos do proxecto.

O Plan de Saneamento 2000-2015 elaborado polo organismo recolle entre as accións a levar a cabo para a mellora da rede de saneamento existente, actuacións na estacións depuradoras de augas residuais (EDAR), ampliacións na rede, así como o saneamento en núcleos illados e cun volume poboacional reducido. Para acadalo apostan polo fomento do consumo responsable e o aforro, tamén pola eliminación das posibles perdas que se produzan na rede.

Entre os proxectos que absorben unha maior cantidade de fondos atópase a dotación dun sistema de abastecemento para os concellos de Ames e Brión, ambos preto de Santiago de Compostela. Trátase de solventar as carencias do servizo que sofren e inclúe a subministracións a dous futuros polígonos industriais da zona.

O proxecto ven de ser adxudicado por máis de seis millóns de euros e inclúe a construcción dunha estación transformadora de auga potable (ETAP), así como a construcción dun depósito de regulación á saída da estación de tratamento cunha capacidade de 7.300 m3. Así mesmo, recolle a construcción dun bombeo e dun depósito de cabeceira entre os existentes co fin de que os veciños de ambas as poboacións conten cun mellor servizo de auga potable.

Diversificación das actuacións

Por mor das riadas ocorridas a finais de 2006 en Vilagarcía de Arousa, desde Augas de Galicia detectaron a necesidade de repor as deficiencias e garantir o bo funcionamento e seguridade da presa do Con. Así, para acadar unha adecuada explotación do encoro tense aberto un prazo de solicitude de ofertas por un importe superior aos 1,7 millóns de euros no que figuran accións como a construcción dunha nova caseta de control da presa, o cerramento e urbanización da contorna e unha nova instalación eléctrica e do grupo electróxeno.

Entre os traballos pendentes de inicio atópase o que dotará ao Concello de Foz de maior capacidade ao sistema de abastecemento a través dun aumento do caudal dispoñible. Unha actuación que conta cun orzamento de 1,8 millóns de euros e que mellora as actuais instalacións de abastecemento e a construcción de novos elementos que integran a rede.

No Concello de Forcarei (Pontevedra) instalarase unha nova rede de colectores que conduzan as augas á nova EDAR onde se lles proporcione un tratamento adecuado para que poidan ser vertidas ao río Lérez. A actuación, en fase de concurso, conta cun orzamento de 1,3 millóns de euros.

Ademais destas medidas, estase a levar a cabo un sistema de rede separativa de colectores de residuais na parroquia de Santa María de Onís, en Coirós (A Coruña). Mentres, no núcleo da Senra, no Concello do Cervo (Lugo), instalarase unha rede separativa e unha planta depuradora, que resolva as novas necesidades xeradas coa poboación estacional. En Carballeda de Avia (Ourense) construirase unha ETAP, depósitos e rede de abastecemento para os núcleos de Abelenda, Casares e Fornelos, así como a substitución de parte da rede de saneamento e a execución dun novo bombeo no núcleo urbano, obras que estarán rematadas a finais do verán. O listado de actuacións complétase co Concello de Avión, tamén en Ourense, no que se construirá unha nova EDAR e se revisará todo sistema de saneamento, moi deteriorado debido á súa antigüidade.

Implantación de novas tecnoloxías

O COMERCIO DE TI A TIC

OS FONDOS FEDER DA UNIÓN EUROPEA E A APORTACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA XÚNTANSE COA FUNDACIÓN CAIXANOVA E O CLUSTER INEO, QUE AGRUPA ÁS PRINCIPAIS EMPRESAS DO SECTOR TIC, PARA PROPICIAR E IMPLANTAR AS NOVAS TECNOLOXÍAS NO SECTOR DO COMERCIO. TRÁTASE DE RACHAR BARREIRAS PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE

Segundo datos extraídos do Instituto Galego de Estatística o comercio retallista na comunidade está integrado por máis de 37.700 empresas cuxo valor de producción supera os 3.000 millóns de euros e un total de 104.000 persoas empregadas, das cales o 60% son asalariadas. Tal e como demostran os datos trátase dun sector a ter en conta no tecido empresarial galego tanto polo seu volume de negocio como polo persoal.

Conscientes da importancia desta cadea de pequenas e medianas empresas, a Fundación Caixanova promoveu un diagnóstico de situación que dera conta do grao de implantación do comercio galego nas tecnoloxías da información e da comunicación, proxecto que está a desenvolver coa axuda do INEO, a Asociación das Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación de Galicia. O diagnóstico revelou a existencia de barreiras tanto reais como conceptuais do sector do comercio para a súa plena introducción na sociedade da información. Comprobouse que existe un déficit nas infraestructuras básicas de acceso a internet en comparación coa media da Unión Europea, así como a falta de concienciación da necesidade de acceso e as oportunidades que ofrece por parte do estrato máis básico da cadea de comercio.

Tendo en conta a situación, o proxecto Comercio-TEC pretende implantar sistemas de información estratéxica e de comunicación na cadea do comercio presentando especial atención á formación e información que requiren as persoas vinculadas a este tipo de empresas. A iniciativa non rematou co diagnostico da situación do comercio galego senón que a partir deste propuxo a implantación dun modelo ideal de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) que os propietarios e traballadores das tendas poidan implementar e aplicar nos seus negocios.

A INTRODUCCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS PRETENDEN POTENCIAR E OPTIMIZAR A COMPETITIVIDADE DAS PEMES NO SECTOR DO COMERCIO MEDIANTE O USO DAS TIC O QUE, PREVISIBLEMENTE, TRADUCIRÁSE EN VANTAXES E BENEFICIOS ECONÓMICOS

Estes resultados obtivéronse dun autodiagnóstico TIC practicado aos comercios, a través dunha mostra representativa, na que os comerciantes tiñan que describir os seus negocios. Preguntábaselles polo número de empregados, a ubicación do local: en zona urbana ou rural, os equipos informáticos dos que dispuñan ou os sistemas de comunicación como teléfono, conexión a internet ou datáfono para operacións con tarxetas bancarias.

A introducción das novas tecnoloxías pretenden potenciar e optimizar a competitvidade das pemes no sector do comercio mediante o uso das TIC o que, previsiblemente, traduciráse en vantaxes e beneficios económicos dos que non só eles obterán resultados senón tamén os consumidores coa oferta de novas formas de pago, maior coñecemento dos productos ou descenso do tempo de trámite para efectuar as compras. Os responsables de levar a cabo o estudo inicial destacan a "boa disposición e resposta" dos

comerciantes tanto á enquisa que deu conta da situación real como da implantación dun plan de mellora facendo fincapé no carácter gratuíto que debería ter. Na actualidade, a Fundación Caixanova e o INEO están a desenvolver unha proba piloto, que permitirá que o conxunto de empresas do sector comercio en Galicia mellore a nivel xestión, organización e na atención ao cliente.

Á falta dos resultados que permitan valorar a implantación do programa nos comercios das rúas galegas, xa hai establecementos que camiñan da man das TIC para mellorar a súa productividade. Algúns deles xa traballan na implantación para substituír as tradicionais indicacións de prezo en soporte papel por etiquetas electrónicas que estarán conectadas directamente cun ordenador central. Un procedemento que poden aproveitar os comercios do sector alimenticio galego e que permite eliminar os posibles erros de prezos nas caixas ao levar a cabo os cambios de forma manual. As etiquetas instaladas nos liñais do establecemento recibirán a diario o prezo de cada un dos productos a través dun software que permite actualizar os importes sen a necesidade de que unha persoa cambie as etiquetas de papel ou plástico. Desta forma mellórase a competitividade dos equipos humanos dedicándoos a outras tarefas que redunden nun mellor servizo ao cliente.

Cooperativa Vitivinícola de Arousa

O ALBARIÑO CON NOME DE LOLAILO

CHÁMASE PACO&LOLA E É UN VIÑO, TAMÉN UN LICOR, EN DEFINITIVA UNHA LIÑA DE PRODUTOS QUE DISTINGUEN A UNHA BODEGA QUE CRECEU NO SALNÉS A PARTIR DO ESFORZO DE MÁIS DE 400 COOPERATIVISTAS E DO APOIO DO FONDO EUROPEO DE ORIENTACIÓN E GARANTÍA AGRÍCOLA

"As cousas bonitas gústannos a todos", anticipa David Martínez Álvarez, director xeral da Cooperativa Vitivinícola de Arousa, un colectivo que agrupa a máis de 400 familias e que achega un punto transgresor no estereotipado universo do viño, unha estética que non queren que reña coa calidade, pero da que buscan facer signo de distinción a través de Paco&Lola, liña de produtos que amosa que as bodegas poden moverse cara a territorios rompedores incluso anque as decisións se tomen de forma colectiva.

Cando o responsable da cooperativa propuxo na asamblea de socios comercializar un albariño con nome de lolailo e etiqueta con lunares a gargallada foi xeral. Hoxe as risas e o estupor deixan paso aos resultados: a cooperativa, con pouco máis de tres anos de traxectoria, chega a vinte países e factura máis de tres millóns de euros anuais, máis da metade no exterior, cando o normal noutras bodegas da zona é chegar a penas ao 20% de vendas fora de España.

"Traballamos nun sector no que non é que todo estea inventado, pero si algo anquilosado. Queriamos dar un enfoque distinto, sorprender e chegar ao cliente estranxeiro que en moitos casos identifica o que lle chega desde aquí cun concepto de diversión", detalla David Martínez, que non teme que a transgresión, que iniciativas como relacionarse cos seus consumidores a través de redes sociais como o *facebook* e o *twitter*, queden sepultadas ante o resquemor dos puristas. "Imos pola xente e queriamos falar con ela doutra maneira diferente á que é habitual. Ese suposto esnobismo no mundo do viño está totalmente fora da sociedade. Xente que sabe de viño hai bastante menos da que eles mesmos se pensan", asegura.

A cooperativa creceu a partir dos seus socios, pero tamén dos fondos europeos. Martínez Álvarez recoñece que foi "unha achega moi importante". "Superou o millón e medio de euros sobre unha inversión total duns cinco millóns", apunta. Os cartos chegaron procedentes do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, o Feoga, que desde 2007, foi substituído polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (Feader). O Feoga operou como instrumento financeiro da política de desenvolvemento rural e pilar da política agrícola común.

Tecnoloxía para a uva

As primeiras conversas para por en marcha a Cooperativa Vitivinícola de Arousa foron en 2005. En 2006 comezou a construcción do edificio da bodega, funcional, moderno, capaz de albergar 1,8 millóns de litros. "Foi a levantalo ao que se dedicou sobre todo esa subven-

ción inicial do Feoga, pero tamén a montar parte das instalacións técnicas", detallan os responsables da cooperativa, os que non ocultan que toda axuda é pouca. Esa colaboración sírvelles tamén para seguir protocolos de producción integrada ou para traballar co Grupo de Desenvolvemento Rural do Salnés para acondicionar unha zona veciña á bodega na que hai unhas mámoas que se reacondicionan coa axuda de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela. "Ao final, na conta de resultados, a partida de axudas e subvencións é importante dabondo", reflexiona David Martínez.

Pero hai algo máis. Hai esforzo e imaxinación, tamén unha uva única e unha sensibilidade por valerse dos avances tecnolóxicos para darlle máis realce. Aí a aposta é moi nítida. Na cooperativa a penas se pagan licencias, decidiuse traballar con software libre. Ademais nestes días de outono, cando chega a vendima articúlase a posta en escena de algún deses avances, como a radiofrecuencia, que evita erros humanos na xestión da uva e asegura a trazabilidade de maneira que é posible saber que uva entra nos tanques en cada momento ou en que lote de embotellado está a producción dun colleiteiro en concreto.

Unha fonte de riqueza no Salnés

Para moitos deses pequenos produtores, a cooperativa amosoulles unha alternativa. "Esta é unha zona con moita tradición que pasou por uns anos complicados nos que o viticultor non podía vender o producto porque non había nin prezo digno nin garantía de que lle foran recoller o seu traballo. Cando creamos a cooperativa, as outras dúas que hai na zona non tiñan aberta a admisión de novos socios", recorda David Martínez. Hoxe invisten máis dun millón de euros ao ano só en pagos de uva. "Somos unha fonte de riqueza para a zona e ademais os nosos socios sempre cobraron, desde a primeira colleita xa o fixeron", subliña.

Con todo, atopar un oco nun mercado atestado non é sinxelo, porque ademais o consumo de viño está caendo nos últimos tempos. "Hai unha guerra de prezos na que non podemos entrar", recordan os cooperativistas. Martínez Álvarez apunta tamén que o proxecto que capitanea non é o dunha bodega ao uso. "Somos por producción a terceira ou cuarta da Denominación de Orixe Rías Baixas e fai pouco eramos a número 200 a nivel de comercialización. O certo é que ademais vendemos moito mosto, un porcentaxe importantes da nosa producción é materia prima para outros".

Á postre a idea é crecer a partir dun feito diferencial. E aí é onde se acuña o "pacololismo", un concepto que non se opón a outros máis clásicos como o que abandeira a liña máis tradicional Rosalía de Castro,

RUTAS TRANSFRONTEIRIZAS E UNHA OFERTA TURÍSTICA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) desenvolve un proxecto de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal denominado "Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal", co que busca un incremento do número de enoturistas e, en definitiva, a diversificación do medio rural da Eurorrexión a través dunha oferta turística de calidade vinculada ao viño.

A iniciativa, que fomenta rutas do viño nas diferentes denominacións de orixe de Galicia e do norte de Portugal, conta cunha dotación de 1,4 millóns de euros e recolle accións destinadas á sensibilización dos axentes implicados na creación e posta en marcha desas rutas, a sinalización e equipamento dos itinerarios e a promoción nacional e internacional das mesmas.

Esta iniciativa, coa que se pretende xerar un incremento do número de enoturistas, está promovida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Turgalicia), o Concello ourensá de Ribadavia, que ostenta a Secretaría Técnica da Ruta do Viño do Ribeiro, e a Comissao de Viticultura de la Região dos Vinhos Verdes, de Portugal. A área xeográfica de intervención é a correspondente cos concellos que están incluídos nas cinco denominacións de orixe de Galicia (Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei e Valdeorras) máis a de Vinhos Verdes, no norte de Portugal.

O FEOGA ACHEGOU UN MILLÓN E MEDIO DE EUROS PARA AXUDAR A LEVANTAR O MODERNO EDIFICIO DA BODEGA DA COOPERATIVA NO CONCELLO DE MEAÑO E ADEMAIS DOTALO DE PARTE DÁS SÚAS INSTALACIÓNS TÉCNICAS



pero que busca un público concreto, en principio fora de España, agora xa de portas para dentro, consumidor dun viño premium, que valore que se produza en base a unha viticultura sostible e que conceda valor ao envoltorio. Pero, sobre todo, que agrade ao padal. "É un viño que de cara ao mercado exterior xoga coa idea de aproveitar a imaxe de España como destino para divertirse. É un viño para regalar, para beber en compañía e disfrutar", apunta David Martínez, que quere chegar tamén a todo tipo de públicos, tamén ao feminino, que pode ser máis reacio a mercar viño. "En calquera caso sabemos que non lle podemos gustar a todo o mundo. O do viño non é un negocio doado, quizais teñamos que aprender aínda a vendelo, pero temos claro que sabemos facer viño".

Augardente con glamour

Todo sucede desde Meaño, desde unha bodega que se situou entre as referencias en canto a extensión e viñedos nas ladeiras do Salnés con máis de 200 hectáreas de viñedos propios e máis de 1.900 pequenas parcelas que contribúen coa súa colleita.

Desde esa contorna Paco&Lola avanza para levar ao mercado sofisticación e sabor, como o licor de frambuesa que se comercializa nunha botella que simula un perfume e cuxo deseño de packaging logrou distincións en Los Angeles International Wine and Spirits Awards. "Demostramos que a augardente que se fai en Galicia pode ser *cool* e *chic*. Conseguimos que a augardente sexa glamurosa. É certo que ese esforzo encarece o prezo final do producto, pero asumímolo", aseguran.

Nesta liña alternativa móvese tamén o iWine, un albariño preparado en neve carbónica para conseguir unha prevalencia dos aromas, un viño que houbera firmado Steve Jobs, e que chega desde a California galega. "Unha nota de cata nunha revista non che di nada, pero unha canción si. Co iWine escolles ti mesmo a banda sonora que queres para o viño", espeta David Martínez, que di de si mesmo que é un "xestor creativo", un apaixoado ao que se lle acende a mirada cando fala de Paco&Lola, unha aposta persoal que trasladou primeiro aos socios, logo ao mercado. "Paco&Lola é un espírito, é filosofía. Hai momentos Paco&Lola... pode vivilo calquera, pode ser calquera. É transgresión, o que non te esperas e chega por sorpresa. Ninguén se esperaba un albariño de lunares, pero acabará sendo un clásico".

Chega outono. É tempo de vendimia. David Martínez Álvarez, á fronte da cooperativa, sinte que chega o momento de dar o mellor "É a estación na que todos os anos pasamos un exame, e a viña non atende á oferta ou á demanda. Traballamos nun mercado moi duro e competitivo dabondo", conclúe o director xeral da Cooperativa Vitivinícola de Arousa.

Aldeas medioambientais

A REHABILITACIÓN DO CORAZÓN GALEGO

OS FONDOS COMUNITARIOS CONTRIBÚEN A DINAMIZAR ZONAS DEPRIMIDAS DO RURAL GALEGO, POBOACIÓNS NAS QUE AS ACHEGAS SERVEN PARA RECONSTRUIR CONXUNTOS DE VIVENDAS E DARLLE PULO DE NOVO A UN XEITO DE VIDA QUE SEMELLABA PERDIDO

Tanto comunidades autónomas como concellos ofrecen axudas para financiar proxectos de turismo rural por ser estes unha boa maneira de dinamizar zonas deprimidas, contribuir a recuperar o patrimonio histórico e favorecer a creación de servicios nesas áreas. Estas subvenciones proceden, en boa parte, de fondos comunitarios, como por exemplo os programas Proder e Leader Plus, que facilitan entre o 20 e o 60% do investimento.

O programa Leader Plus destinou 42 millóns de euros entre o 2000 e o 2008 para o turismo en Galicia, unha suma da que se beneficiaron numerosos proxectos de turismo rural. Agora negóciase un novo convenio que chegará ata 2013 e que redefinirá as axudas destinadas ao turismo rural na comunidade.

Galicia dispón de máis de seiscentos aloxamentos de turismo rural repartidos por toda a súa xeografía. É posible aloxarse nunha construcción do século XVIII, nunha antiga fábrica de salgado co horizonte aberto á inmensidade do Atlántico, ao longo de todas as rutas do Camiño de Santiago ou en casas de labranza nas que practicar os oficios do campo.

O PROGRAMA LEADER PLUS DESTINOU 42 MILLÓNS DE EUROS ENTRE O 2000 E O 2008 PARA O TURISMO EN GALICIA. AGORA NEGÓCIASE UN NOVO CONVENIO QUE CHEGARÁ ATA 2013 E QUE REDEFINIRÁ AS AXUDAS DESTINADAS AO TURISMO RURAL

Os últimos datos oficiais cifran nun 3,9% a suba na ocupación dos establecementos de turismo rural no primeiro semestre do ano. Así, fixan ademais nun 21,01% o incremento do número de viaxeiros nestes establecementos nos primeiros seis meses de 2010. É un turismo xa consolidado e cuxa última aposta representan as aldeas medioambientais, unha oferta singular que atrae máis ao turismo familiar e nos meses de verán.

En España aínda quedan 2.500 aldeas abandonadas, ruínas que na maioría dos casos non experimentarán reconstrucción. Dentro das que están rehabilitadas destacan aquelas nas que se aplicaron criterios de bioconstrucción sostible aproveitando madeiras nobres e

todo o material dispoñible na zona e coa idea do máximo respecto ao medio.

Turgalicia, o organismo de promoción turística da comunidade, diferencia varios tipos de aloxamentos rurais, como os pazos, as casas de aldea, as casas de labranza e as aldeas turísticas que xa se consolidaron como unha tendencia e unha alternativa ao turismo hoteleiro. Son aldeas de turismo rural as que, como mínimo, teñen tres casas situadas no mesmo núcleo e explotadas de forma integrada por un mesmo titular.

En Galicia existen sete aldeas turísticas con compoñentes medioambientais. Os seus propietarios destacan un grao de ocupación total ou case total nos meses de verán e unha ocupación que chega o 40% o resto do ano. Son establecementos que se alugan sobre todo para fins de semana e para períodos máis longos en verán, incluso durante todo un mes.

Loli Riveiro rexenta en Mondariz (Pontevedra) a aldea de Pedreira Calma, que define como un biohotel rural. Recuperou e inaugurou cinco casas de aldea rodeadas por 8.000 metros cadrados de cultivos ecolóxicos. Explica que "a oferta da aldea rural é ideal para un turismo de benestar que inclúe desde terapias con dietas vexetarianas ata unha escola de saúde".

A aldea rural rehabilitada máis grande de Galicia é Couso (Sarreaus) Hai 500 anos que foi abandonada. Por alí pasou o empresario rioxano José María Galán que se namorou desta paraxe da Limia e investiu preto de sete millóns de euros para reacondicionar 22 casas á beira do río. Recuperou ademais, un forno, dous muíños, e unha vella fonte.

EN GALICIA EXISTEN SETE ALDEAS TURÍSTICAS CON COMPOÑENTES MEDIOAMBIENTAIS QUE TEÑEN UN GRAO DE OCUPACIÓN TOTAL OU CASE TOTAL NOS MESES DE VERÁN E UNHA OCUPACIÓN QUE CHEGA O 40% O RESTO DO ANO

EN ARQUEIXAL, PRETO DE PALAS DE REI, AS VIVENDAS ESTÁN REHABILITADAS SEGUINDO CRITERIOS ECOLÓXICOS A TRAVÉS DA INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES, DISPOSITIVOS DE BAIXO CONSUMO OU MATERIAIS DE BIOCONTRUCCIÓN

Gerardo Salgueiro recuperou a aldea Bordóns, preto de Sanxenxo, a finais dos 90. Aldea Bordóns conserva o seu atractivo de vello, xa que foi reconstruída respectando arquitectura, formas e alturas da época na que se construíu. Aproveitar a pedra natural para rehabilitar foi a consigna. A Xunta de Galicia axudou con medio millón de euros para recuperar cinco pequenas casas de pescadores que pertenceron á súa familia. O conxunto inclúe un hórreo de pedra, unha casa-museo e un cruceiro. Salgueiro destaca a existencia de "diferentes espacios dos que poder gozar e a oferta gastronómica".

A Paínza está en Arzúa, onde a familia Botana recuperou nove vivendas. O complexo hoteleiro dispón na actualidade de amplos xardíns sobre o río. A Míllara na Ribeira Sacra que posúe unha plantación de viñedos nas beiras do Miño, A Cortiña en Castrelo do Val e Lugar dos Devas en Covelo completan un mapa de aldeas no que destaca a iniciativa de agroturismo Arqueixal, en Palas de Rei. Alí, na parroquia de Albá, é o onde José Luís Carrera Valín rexenta unha granxa familiar de producción artesanal de queixo, iogur e leite, todos productos ecolóxicos. Quixo ir un paso máis aló no turismo rural para o que recuperou un conxunto de casas antigas rehabilitándoas dacordo a criterios de bioconstrucción. A actividade turística que oferta está intimamente ligada coa actividade agraria e ecolóxica que desenvolve na súa granxa e achega aos visitantes a posibilidade de integrarse, no grao que decidan, na actividade da aldea. "Tratamos de implicalos nas tarefas do campo para que desconecten e poidan coñecer realmente o que significa vivir aquí", explica.

As demais aldeas turísticas teñen restaurante e non ofrecen a posibilidade ao visitante de convivir coa contorna, na que a maior parte das veces só hai outros turistas. En Ar-

queixal as vivendas están rehabilitadas seguindo criterios ecolóxicos a través da instalación de placas solares, dispositivos de baixo consumo ou materiais de biocontrucción. A aldea non é de nova creación nin está illada, senón que está plenamente integrada e en simbiose co resto do núcleo rural de maneira que os visitantes valoran especialmente o contacto co medio e os veciños. "A relación non é só con outros turistas senón cos veciños da aldea que viven aquí", explica Carrera Valín.

A diferencia fundamental da aldea de ecoagroturismo Arqueixal é o protagonismo que adquiren os personaxes, tanto o propietario, como os veciños e, por suposto, os turistas. Estes, teñen a posibilidade de facer queixos, muxir as vacas ou sachar a horta. Uns visitantes vascos, avogados de profesión, encargábanse este verán de "meter as pitas" na corte unha vez a xornada agrícola rematou. O distintivo, para Carrera Valín non é o poder adquisitivo dos turistas, senón o seu nivel cultural. "Están preocupados polo coidado da natureza e teñen unha inquietude porque os nenos teñan contacto co medio", explica.

Os cinco edificios tradicionais de Arqueixal, rehabilitados grazas á colaboración da Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural, Agader, permiten ao viaxeiro volver á vida de autosuficiencia dos tempos preindustriais que permitía á unidade familiar obter o cultivo da terra e os alimentos que eles mesmos sementaban, almacenaban, transformaban e consumían. A súa casa museo constitúe un dos poucos exemplos de casa de labranza galega que se conserva. Una vivenda na que non existe luz eléctrica nin auga e que moitos viaxeiros elixen como o sitio para quedarse e trasladarse á Galicia rural dos anos vinte. A aldea é referencia do ecoagroturismo participativo e recibe visitas de interesados por replicar un proxecto que implica a todos nun medio rural ecolóxico y sostible.

OS CINCO EDIFICIOS TRADICIONAIS DE ARQUEIXAL, REHABILITADOS GRAZAS Á COLABORACIÓN DE AGADER, PERMITEN VOLVER Á VIDA DE AUTOSUFICIENCIA. A ALDEA MANTÉN UN DOS POUCOS EXEMPLOS DE CASA DE LABRANZA GALEGA QUE SE CONSERVA

ENERXÍAS RENOVABLES PARA AFORRAR NOS CONCELLOS

DENTRO DA ÁREA DE COOPERACIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL, E-SOL ESTIMULA A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS DE UTILIZACIÓN COMPARTIDA DE RECURSOS ENERXÉTICOS, DE OPERACIÓNS DE AFORRO E DIVERSIFICACIÓN ENERXÉTICA. É UN PROXECTO TRANSFRONTEIRIZO PARA O FOMENTO DO USO DE ENERXÍAS RENOVABLES, COMO A PROCEDENTE DA BIOMASA A SOLAR OU XEOTÉRMICA, EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS PÚBLICAS

Os catro concellos ourensáns da Mezquita, Verín, Ríos e Baltar uníronse para acadar o éxito dun proxecto "exemplarizante" no campo dos recursos enerxéticos e as enerxías renovables. "Decidimos apostar polas enerxías renovables porque temos claro que axudarán a aforrar nos custos derivados das instalacións municipais o que nunha época de crise como a actual representa un argumento fundamental", explica o alcalde da Mezquita, José Luis Santamarina Ferro.

Estes catro concellos van da man do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), un organismo dependente da Consellería de Economía e Industria, que lidera o proxecto E-Sol, unha das máis de oitenta iniciativas aprobadas no ámbito do programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013. O proxecto inclúe aos catro concellos ourensáns, así como ás cámaras municipais de Chaves e Vinhais e ao Instituto Politécnico de Viana do Castelo, no veciño Portugal.

A través do Inega estase a coordinar a utilización conxunta dos recursos enerxéticos e de operación de aforro e diversificación enerxética: biomasa, enerxía solar térmica-fotovoltaica e xeotérmica en edificios e instalacións públicas. "Aproveitamos a transmisión de experiencias e coñecementos entre ambos os países optimizando os recursos enerxéticos endóxenos da área", explica Pablo Rodríguez Regueira, técnico do proxecto.

E-Sol comprende un investimento superior aos 1,2 millóns de euros, financiados nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e a súa duración é de dous anos. "Sempre imos apostar por proxectos que supoñan innovación e aforro pero hai que ter en conta que os concellos tamén xogamos un papel moi importante no seu éxito posto que temos que poñer parte do presuposto para levalos a cabo", explica Francisco Veiga Romero, alcalde de Riós.

A liña aberta polos Concellos galegos representa unha oportunidade, non só para dar o paso ás enerxías renovables senón para conseguir que os municipios poidan beneficiarse dun proxecto europeo que prevé crear novos postos de traballo. "Cremos que a curto prazo non se crearán postos de traballo, pero unha vez que os novos servizos estean operativos precisarase xente cualificada para atendelos", destaca o alcalde da Mezquita. Desde o Inega salientan que a creación de emprego pode darse a medio prazo "unha vez comece a posta en marcha dun mercado de biomasa".

O Concello da Mezquita foi un dos

primeiros en rematar obras financiadas con cargo ao proxecto o que supuxo, en palabras do mandatario local, "toda unha satisfacción". Para iso substituíronse combustibles derivados do petróleo (gasóleo de calefacción, sobre todo) por biomasa residual forestal, enerxía solar e xeotérmica para xerar calor e auga quente sanitaria en edificios e dependencias públicas. "A avaliación é moi boa porque se cambiou un sistema de calefacción eléctrico ineficiente por unha caldeira de biomasa con subministro automático axudando a crear un mercado de biomasa na zona transfronteiriza", relata Pablo Rodríguez, técnico do Inega

Desde o instituto enerxético destácase a contribución do proxecto na harmonización do uso dos recursos enerxéticos o que redunda nunha maior calidade de vida dos cidadáns e no respecto ambiental. Iniciativas para as que é fundamental a interdependencia económica entre os socios e que favorecen un elevado grao de evolución tecnolóxica nos concellos nos que se implantan.

Débese ter en conta que se traballa nun territorio eminentemente rural e cunha gran dispersión poboacional, cunha baixa densidade e unha idade media bastante avanzada, e con estructuras económicas modestas en canto ao índice de riqueza. Polo tanto, o desenvolvemento do programa supón "un importante avance para concellos pequenos e con escasos recursos", tal e como indica o alcalde de Riós.

O proxecto inclúe obras de substitución dos sistemas convencionais de producción de enerxía por sistemas renovables en trece instalacións, nove delas galegas. Dúas caldeiras de biomasa na casa consistorial da Mezquita e no Centro Multiusos, un sistema solar térmico para a piscina municipal de Verín; en Riós instalaranse un sistema District Heating utilizando como xerador unha caldeira de biomasa para proporcionar calefacción e auga quente a tres edificios: o Centro Multiusos, a Cámara Agraria e o Centro de Saúde. O mesmo se fará en Baltar co Centro de Saúde, o Centro de Día e a Casa da Cultura. O Alcalde de Riós cifra nun 40% o aforro, preto dos 20.000 euros, una cifra de descenso de custos "moi importante para un concello como o noso".

Novo perfil profesional

Amais das obras que recolle o proxecto E-Sol, a segunda pata do programa baseouse no desenvolvemento dunha formación específica adaptada ás peculiaridades da xestión da enerxía no ámbito local. Con ese obxectivo, explica o técnico encargado do proxecto, deseñouse un curso de formación online de xestores enerxéticos locais "que dean continuidade ás novas enerxías renovables que se están a instalar nos edificios públicos dos concellos beneficiados polo programa". A figura do xestor enerxético municipal, para a que se formaron 116 alumnos, permitirá aos municipios aplicar os instrumentos de contabilidade enerxética local, coñecer o consumo enerxético e ser capaces de pór en marcha plans de actuación para reducilos.

O proxecto E-sol complétase, tal e como explican desde o Inega, coa elaboración dunha análise de viabilidade de mercado de biomasa na área transfronteiriza, "un proxecto ambicioso do que non existían precedentes e que teremos listo en decembro de 2010".

Para avanzar no aforro e eficiencia enerxética, a Xunta vén de presentar unha liña de axudas dirixida aos concellos galegos e dotada con preto de nove millóns de euros. O programa espera conseguir un aforro de enerxía primaria de preto de 12.650 toneladas equivalentes de petróleo (147 GWh/ano) evitando a emisión de máis de 50.000 toneladas de CO_2 á atmosfera. O paquete recolle a renovación das instalacións de iluminación pública exterior, así como as auditorías enerxéticas a instalacións de iluminación pública, entre outros.

CREATIVA FAVORECE O INTERCAMBIO ENTRE A INDUSTRIA CULTURAL GALEGA E A LUSA

As actuacións financiadas por Europa teñen posta a súa atención na cultura, nas industriais culturais galegas e lusas como formas de intercambiar coñecementos, experiencias e modos de vida. Co obxectivo de que ambas as culturas se integren, se coñezan e se recoñezan, tense posto en marcha o proxecto Creativa, un programa transfronteirizo e multidisciplinar dirixido pola Axencia Galega de Industriais Culturais (AGADIC), dependente da Xunta de Galicia e a Direcção Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura Portugués.

O programa púxose en marcha en decembro do ano 2009 e desde entón foron numerosos os encontros musicais, do mundo do audiovisual, das artes escénicas e do producto gráfico que se teñen levado a cabo en diferentes zonas do territorio luso-galaico. O director de AGADIC, Juan Carlos Fernández Fasero, destaca que Creativa constitúe "unha iniciativa sen precedentes no ámbito da colaboración cultural entre Galicia e Portugal".

"O valor principal reside nas actividades programadas que transcenden a mera comunicación entre institucións para penetrar no traballo das industrias culturais e incidir día a día nos protagonistas do tecido cultural en practicamente todas as manifestacións artísticas", expón.

Entre as actividades pendentes para este ano destaca o II Foro Creativa Industria Cultural Galicia-Norte de Portugal, que se celebrará no mes de novembro en Ourense, o III Festival de Cinema Galego e Portugués Filminho ou a segunda edición do 6 x 6 Punto de Encontro, unha proposta interdisciplinar de artistas emerxentes no eido das artes do movemento, do teatro e da plástica. 18 creadores galegos e portugueses daranse cita nun dos lugares emblemáticos de Vigo, "O Verbum, a casa das palabras" onde uns creadores que non se coñecen deseñarán un espectáculo conxunto no que o único nexo será a palabra.

Creativa nace non só para ser un relatorio de concertos, de recitais ou de citas no calendario onde se intercambia a cultura lusa e a galega. O proxecto vai moito más aló creando un marco estable de relación para o intercambio e o enriquecemento continuo entre estilos e tendencias e para, ao mesmo tempo, sentar as bases de futuras accións compartidas máis alá das datas de vixencia do proxecto, fixada a finais de 2010.

O director de AGADIC pon en valor a transcendencia dun proxecto que evidencia a necesidade de intercambio e cooperación trasnacional e a consideración da cultura como o factor básico do desenvolvemento tanto territorial como económico. "Os contactos bilaterais están a beneficiar tanto aos empresarios e traballadores das industriais culturais como ao público consumidor dos seus productos" remarca sobre

unha programación que permite achegarnos artistas e tendencias descoñecidas e nos permitiu ter presencia cultural en Portugal".

As orixes

A finais de 2009 o Foro Industria Cultural reuniu a máis de 40 profesionais da música na Illa de San Simón para analizar a situación e o futuro dos festivais, a distribución de artistas e a industria fonográfica a ambos lados da fronteira. Un foro que contou coas actuación de The Blows, Roi Casal e Anxo Lorenzo máis 13 espectáculos escénicos e musicais que daban o pistoletazo de saída a unha serie de eventos e encontros entre xente da cultura que funcionarían ademais como dinamizadores socioeconómicos da zona transfronteiriza. A xuntanza traía por primeira vez a España un concerto a Amália Hoje, exitoso grupo no país veciño coa súa revisión de fados de Amália Rodrigues.

Ademais das actividades propias, os promotores do programa Creativa tentan obter representación nos certames galegos e portugueses que marcan tendencia e se teñen convertido en espazo de intercambio da cultura con maiúsculas. Así, participan no Play-Doc de Tui, no Festival de Cans, no Porriño, no Festiclown da Estrada ou na Mostra Internacional do Teatro de Ribadavia.

Creativa reivindica o patrimonio, a tradición, os nexos de unión, e promove a formación e o debate interno no campo dar artes, favorecendo o intercambio dos diferentes modelos de xestión nas salas de teatro ou as contratacións musicais. Unha colaboración permanente entre dúas culturas irmáns.

Artistas lusos na Mostra de Teatro de Ribadavia

Creativa fixo unha achega de 20.000 euros para a incentivar presenza de creadores, intérpretes e proxectos portugueses na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, celebrada en xullo. Con esta axuda patrocinou a participación das compañías de rúa e novo circo lusas PIA (Projectos de Intervençao Artística) e Circolando, así como do creador e dinamizador cultural João Pedro Vaz en varias actividades do emblemático certame ourensán.

Patrocinio do Foro Clown Galicia-Portugal

O Primeiro Foro Clown Galicia- Portugal, que se celebrou no mes de xullo na Estrada como evento previo e complementario ao Festival Rock & Clown, foi patrocinado polo proxecto Creativa. Desenvolvéronse tres relatorios a cargo do clown portugués Pedro Correia, da compañía lusa Circolando e do galego Iván Prado, director do Festiclown, Magiclown e FiraMagica. Todos eles achegaron aos asistentes as súas respectivas experiencias artísticas e profesionais no ámbito do circo. Tamén houbo unha gala na que participaron catro formacións de ambos os lados da fronteira: as galegas Peter Punk e Duelirium, cos seus números aéreos; e as portuguesas Circolando, co espectáculo Charanga, e Pedro Correia, con E-se.

O modelo escénico portugués ábrese aos xestores culturais galegos

Creativa promoveu en xuño en Portugal un encontro de industrias culturais, mediante o que un grupo de xestores galegos membros da RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios) coñeceron distintos espazos escénicos lusos e os seus modelos de xestión. A viaxe centrouse nas visitas ao Centro Cultural Vila Flor de Guimarães e ao Teatro Nacional San João do Porto. Ademais, no caso de Guimarães, o Pequeno Auditorio do Centro Cultural Vila Flor acolleu catro ciclos de showcases con pequenas mostras das creacións escénicas portuguesas actuais.

Apoio á presenza portuguesa en Cans

Agadic promoveu a presenza no Festival de Cans de realizadores e artistas portugueses co desenvolvemento da sección "Cans na raia", que estende o seu ámbito do audiovisual á música e ás artes plásticas co obxectivo de explorar as conexións entre os novos creadores de ambos os lados da fronteira. Dentro do apartado "Audiovisual de alí (e de aquí)", exhibíronse unha selección de videoclips e curtametraxes de grupos do norte de Portugal.

FONDOS EUROPEOS PARA A INNOVACIÓN E A FORMACIÓN

GALICIA DEIXARÁ DE SER REXIÓN OBXECTIVO CONVERXENCIA EN 2013, ATA ENTÓN OS PROGRAMAS DE FONDOS EUROPEOS ENFOCARÁNSE CARA Á INNOVACIÓN EMPRESARIAL, A I+D+i E A XERACIÓN DE EMPREGO DE CALIDADE. REPASAMOS OS PRINCIPAIS EIXES DE ACTUACIÓN

FEDER
Unha maneira de facer Europa

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional é a principal ferramenta da UE na busca da cohesión territorial, un financiamento destinado a fortalecer as infraestructuras socioeconómicas das rexións con menor renda co obxectivo de propiciar unha rápida converxencia coas máis desenvolvidas. Historicamente eses cartos destináronse sonre todo á creación de infraestructuras, pero para o actual período 2007-2013, a dirección de Política Rexional da UE incide en pautar unha significativa inversión en programas de desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

A maior parte do investimento económico da Unión Europea en Galicia corresponde ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e o reparto estase a facer segundo os seguintes sete eixes de actuación:

1. Desenvolvemento da economía do coñecemento. I+D+i, Sociedade da Información e TIC. O obxectivo é fortalecer a competitividade das empresas galegas a partir do apoio da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, fomentar a innovación e a utilización de novos coñecementos. Para elo plantéxase o impulso de novas infraestructuras científicas e tecnolóxicas, e tamén a articulación dun sistema dinámico de I+D no que se transfiran resultados de investigación ao ámbito empresarial ou a promoción do sector TIC para que cidadáns, empresas e administración accedan ás tecnoloxías da información e a comunicación.

Trátase dunha liña na que se traballa tamén no fomento de clústers e de liñas de axuda a empresas de base tecnolóxica ou para inversións que aposten por aplicar estratexias innovadoras.

Pero estas iniciativas non se destinan tan só ao beneficio do tecido empresarial: hai un esforzo tanxible por desenvolver novos servizos de cara á modernización da administración e de aplicacións útiles para os cidadáns. É xusto aí cara onde

se destinou a maior parte do financiamento (12,1 millóns de euros) para este Eixo durante 2009.

2. Desenvolvemento e innovación empresarial. Os fondos europeos fíxanse especialmente nas pemes, en ofrecer ferramentas para a súa consolidación e a xeración de iniciativa emprendedora. Nesta liña promociónanse centros de servizos e viveiros de empresas, acceso a financiamento de investimentos ou actividades formativas que se complementan con financiamento procedente do Fondo Social Europeo. Todo baixo unha premisa: propiciar un modelo de desenvolvemento empresarial que busque o equilibrio entre a costa e o interior de Galicia e xerar compañías con vocación de saír ao exterior.

3. Medio ambiente, contorna natural, recursos hídricos e prevención de riscos. Europa marca un camiño para o desenvolvemento económico sostible a partir do reforzo do potencial medioambiental de Galicia, da mellora da contorna e o aproveitamento racional de recursos. É unha aposta por primar o uso de enerxías renovables, a depuración e tratamentos de augas residuais (para o que se destinou a maior partida económica) e a disponibilidade de recursos hídricos ou de realizar unha adecuada xestión de residuos e recuperar espazos contaminados, contornas marítimas e urbanas.

4. Transporte e enerxía. Mellorar a accesibilidade de Galicia por estrada e vía férrea de altas prestacións é unha prioridade para a UE. Tamén prover aos cidadáns de alternativas de transporte público e colectivo. O primeiro obxectivo plasmouse coa construción de tramos de autovía, de novas estradas ou variantes urbanas, ou o acondicionamento e eliminación de tramos de concentración de accidentes. Durante o ano pasado chegaron a Galicia 145 millóns de fondos Feder que se destinaron a estradas. A modernización dos aeroportos galegos tamén entra neste capítulo, como tamén avanzar no reto de ofrecer solucións intermodais.

5. Desenvolvemento sostible local e urbano. A idea é que os fondos Feder axuden a mitigar os desequilibrios territoriais entre medio rural e urbano, entre costa e interior aos efectos de envellecemento da poboación galega no noso desenvolvemento económico. Por iso se destinan recursos a fomentar iniciativas empresariais nas zonas rurais e adaptalas a unha economía globalizada na que cada vez importa menos a localización.

Durante 2009 destináronse máis de once millóns de euros a proxectos de protección e desenvolvemento do patrimonio natural e cinco máis á conservación do cultural. Ademais, iniciáronse actuacións de rexeneración urbana en contornas como as de Ferrol ou Vigo.

6. Infraestructuras sociais e sanitarias. Os fondos Feder ofrecen solucións para ampliar a dotación de infraestructuras educativas, a conciliación da vida laboral e familiar. Escolas Infantís, centros para maiores, de acollida para mulleres



víctimas da violencia doméstica ou colectivos desfavorecidos son obxectivo dos fondos de desenvolvemento rexional. Tamén a construcción, equipamento ou adaptación de centros de ensinanza non universitaria

7. Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional. En todo caso para cumprir obxectivos é esencial favorecer unha boa xestión, seguimento e control das actuacións previstas, xerar instrumentos de intercambio e cooperación. Tamén informar e difundir o que se fai. Una mínima parte dos fondos destínanse a eses fins.

FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

O Fondo Social Europeo está pensado para mellorar a capacitación e formación profesional dos traballadores, apoiar as estratexias de igualdade da muller no mercado laboral e mellorar as perspectivas de emprego dos colectivos de parados mozos e de longa duración. Tamén incumbe á inclusión social, a igualdade ou a promoción do espírito empresarial. É o principal instrumento financeiro da política de cohesión para alentar a que as rexións se axusten ás orientacións adoptadas no marco da Estratexia Europea de Emprego.

O Fondo Social Europeo (FSE) é o principal instrumento financeiro da Unión Europea para o fomento do emprego nos Estados membros e a promoción dunha maior cohesión económica e social. Os eixes de actuación do fondo en Galicia están fixados para o período 2007-2013.

1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade dos traballadores, empresas e empresarios.
Inclúe medidas que melloran a ca-

pacidade de traballadores e empresas, fomentando a creación de máis postos de traballo estables e de calidade. Intenta corrixir os desequilibrios estruturais que ameazan o mercado laboral galego limitando o seu crecemento como a precariedade dos empregos e a siniestralidade laboral fomentando a creación de novos empregos de calidade.
O factor clave da mellora do capital humano será a promoción da formación reveléndose fundamentais as novas tecnoloxías mediante o fomento de novas formas de traballo como a teleformación ou o teletraballo.

2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres.
Seguindo a Estratexia de Lisboa este eixe busca unha economía baseada no coñecemento e capaz dun crecemento económico sostible. Persegue un alto nivel de emprego para ambos os dous sexos e todos os grupos de idades.

Para lograr a converxencia con España e tamén coa Unión Europea, Galicia deberá aumentar a súa taxa de emprego mellorando as condicións de empregabilidade. Reduciranse as diferenzas salariais e as dificultades das mulleres para conciliar a vida laboral e familiar, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos. Ao tempo, tomaranse aquelas medidas que fomenten a prolongación da vida laboral mediante novos perfis profesionais que permitan a recualificación destes traballadores para facilitarlles o acceso ao emprego.

3. Aumento e mellora do capital humano.
Este eixe aposta pola formación dun capital humano capacitado para mellorar a competitividade e as oportunidades de emprego. Co fin de incrementar a dotación de capital humano e a súa calidade poranse en marcha medidas como a loita contra a alta taxa de abandono escolar, o esforzo da formación secundaria ata a formación profesional ou o desenvolvemento dos traballadores no ámbito da investigación e da innovación. O investimento en recursos humanos e nos sistemas de educación e formación continúa sendo unha prioridade para Galicia.

4. Promover a cooperación transnacional e interregional.
Fomentarase o intercambio de información e experiencias, así como o desenvolvemento de plantexamentos complementarios e actuacións conxuntas con outros Estados membros e con outras rexións españolas co fin de dar unha mellor resposta a determinadas problemáticas comúns de cara a contribuír ao crecemento e ao emprego da economía galega. Búscase compartir enfoques innovadores na aplicación de políticas de mercado de traballo, de formación e de inclusión social. Prevese a promoción de redes de intercambio e crear plataformas de experimentación para o desenvolvemento de accións que fomenten a aprendizaxe mutua de novos modelos de xestión como as derivadas dos proxectos Equal do período 2000-2006 e da cooperación no ámbito da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

5. Asistencia técnica.
Recolle o financiamento das actividades necesarias para unha boa xestión, execución da programación, seguimento e avaliación das actuacións.



XESTORES DA INNOVACIÓN, UN NOVO PERFIL PROFESIONAL PARA AS EMPRESAS GALEGAS

A REDE INCOPYME PROPICIOU, EN TORNO A UN PROXECTO CON FINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA, QUE 50 PERSOAS RECIBIRAN CAPACITACIÓN ESPECÍFICA NUN NOVO PERFIL PROFESIONAL QUE FOMENTE A I+D+i

A innovación é un dos aspectos fundamentais que inciden na competitividade de empresas e organizacións, cada vez máis preocupadas por integrar ou formar profesionais capaces de realizar unha formulación estratéxica e unha difusión da innovación na súa contorna. Son os xestores da innovación, unha cualificación que empeza a ter unha crecente demanda que irá aínda a máis na medida que as políticas de innovación se activen para superar a conxuntura de crise.

Por iso Rede Incopyme, unha iniciativa financiada por fondos europeos para reforzar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal, levou a cabo con alentadores resultados unha actividade formativa para capacitar xestores da innovación, un novo perfil profesional que suscitou o interese de medio centear de participantes, a metade home, a metade mulleres, procedentes do mundo empresarial, de centros tecnolóxicos, universidades ou entidades públicas.

"Perseguimos un dobre obxectivo: capacitar aínda máis ás persoas que xa traballan no ámbito do I+D+i e tratar de que xente que está en situación de desemprego teña unha oportunidade de incorporarse ao mercado laboral tras recibir unha formación que lles permite asumir un papel importante como axentes do sistema de innovación", apunta Juan Sobreira Seoane, director da Área de Innovación Tecnolóxica da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, que en unión da Universidade de Vigo deseñou un curso de oito semanas de duración impartido na cidade olívica, na sede da Confederación de Empresarios de Pontevedra.

"O traballo dun xestor da innovación pasa por elixir socios para tomar parte en proxectos, dar conta da súa necesidade, da súa viabili-

dade, comunicar que se fai e xustificar os gastos. Teñen que saber manexar a linguaxe da Administración para conseguir axuda para financialos e de portas adentro traballar para que haxa unha aposta nítida pola I+D+i", abunda Sobreira, que entende como un desafío fomentar o uso da investigación o desenvolvemento e a innovación como ferramenta competitiva. "En Galicia estamos moi por baixo doutras comunidades, cun esforzo investigador respecto ao PIB de tan só o 1,1%. É importante formar axentes da innovación que propicien un diálogo fluído entre centros de investigación e empresas e xeren colaboracións".

O curso foi eminentemente práctico porque se deseñou un "itinerario de innovación" no cal os alumnos tiñan que elixir unha empresa, examinar o estado do seu I+D e a partir de aí deseñar posibles proxectos e a maneira de levalos a cabo nun horizonte temporal concreto. Os participantes recibiron formación sobre creatividade, protección da propiedade intelectual e ferramentas de financiamento público tanto autonómica, como nacional e europea.

Continuidade e secuelas

Trátase dunha iniciativa con vocación de continuidade porque tras ela está o aval dun proxecto financiado polo Fondo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea, liderada pola Universidade de Vigo e no que se integran entidades como a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, a Confederación de Empresarios de Pontevedra ou a Confederación Empresarial de Ourense por parte galega e o Instituto de Engenharia Mecanica e Gestao Industrial, a Associaçao Empresarial de Portugal e a Universidade do Minho, por parte lusa.

É ademais unha iniciativa que ten réplica porque a Xunta de Galicia xa traballa a través de Consellería de Economía e Industria na formación de 61 alumnos dunha nova Rede de Xestores de Innovación que a partir de outubro traballarán con pequenas e medianas empresas co obxectivo de promover a súa competitividade.

"O TRABALLO DUN XESTOR DA INNOVACIÓN PASA POR ELIXIR SOCIOS PARA TOMAR PARTE EN PROXECTOS OU MANEXAR A LINGUAXE DA ADMINISTRACIÓN PARA CONSEGUIR AXUDA PARA FINANCIALOS"

OS PROGRAMAS COMUNITARIOS EN FAVOR DA I+D+i NA UNIÓN EUROPEA

XOSÉ MANUEL SILVA RODRÍGUEZ
Asesor Senior da Dirección Xeral para a Investigación da Comisión Europea

Por primeira vez, tres políticas da Unión Europea -investigación, innovación e cohesión- conflúen nun obxectivo común: o de contribuír á creación de emprego e ao crecemento económico de Europa. Tres formidables instrumentos dedicados á I+D+i. Distintos no seu propio funcionamento e complementarios no seu ámbito de acción. Trátase do Programa Marco de Investigación (actualmente o 7° Programa Marco), o Programa Marco para a Competitividade e a Innovación (CIP) e a Política de Cohesión (Fondos Estructurais e Fondos de Cohesión).

Xa desde 2007 a Comisión Europea publicou as súas ideas sobre «Rexións Europeas Competitivas grazas á Investigación e a Innovación» e instou aos Estados membros e as Rexións a utilizar os instrumentos de financiamento existentes de forma máis efectiva. Anque para logralo se deba atender a outras moitas dimensións da política da Comisión Europea, como a economía, a política de emprego, a enerxía, o transporte, a agricultura, o medio ambiente e a sociedade da información, campos estes non recollidos nos programas que nos competen.

O esforzo merece a pena, entre outras cousas porque nos permitirá consolidar aínda máis o Espazo Europeo de Investigación (EEI), unha das claves da Estratexia de Lisboa para facer fronte aos retos planteados pola globalización.

De feito, como afirmou o Presidente do Consello da Unión Europea, Herman Van Rompuy, no seu primeiro discurso público "Nun mundo globalizado, a ciencia, a economía e a cultura poden dar moita máis sustancia á civilización e á sociedade que a política".

No Espazo Europeo da Investigación: o noso obxectivo común

O obxectivo do Espazo Europeo da Investigación (EEI) é conseguir un auténtico mercado único europeo da investigación, no que o coñecemento, os investigadores e a tecnoloxía poidan atravesar as fronteiras do mesmo modo que xa o fan os bens, as persoas, os servizos e os capitais na Unión Europea. Trátase de crear a así chamada "quinta liberdade", a libre circulación do coñecemento. Esta quinta liberdade resulta indispensable se Europa desexa converterse na maior economía baseada no coñecemento do mundo, na que dito coñecemento sería a base para manter a prosperidade e a competitividade, así como para afrontar os retos sociais que afectan aos cidadáns europeos.

Facer realidade o EEI é agora un obxectivo unánime que constitúe unha das prioridades da axenda política da UE. Ao reunir á comunidade investigadora coa industria e os responsables políticos, o EEI promove a excelencia científica e aborda a fragmentación e a duplicación da investigación europea, evitando tanto o posible despilfarro de recursos como a perda de terreo respecto aos nosos competidores a escala mundial.

O EEI e os logros do 7° Programa Marco de Investigación

Os logros xerais conseguidos pola ciencia e a investigación europea entre 2004 e 2009 leváronnos a orientar con éxito a financiamento cara onde tivo maior impacto na competitividade e a excelencia. En efecto, a excelencia científica da UE reforzouse considerablemente mediante a aplicación eficaz do Sétimo Programa Marco de Investigación da UE (7PM), que conta cun enorme presuposto (ata 54.000 millóns de euros en 7 anos) e que aportou tanxibles melloras á libre circulación do coñecemento.

Podería citar algúns éxitos concretos conseguidos nestes últimos anos polo 7° Programa Marco. A creación do Consello Europeo de Investigación (ERC polas súas siglas en inglés) é un deles. O ERC brinda apoio comunitario a aquela investigación máis alá dos tradicionais proxectos de investigación colaborativa transnacional sobre temas predeterminados, ofrecendo

un modelo de investigación «libre» e orientada por e para a ciencia. A comunidade científica europea aplaudiu esta iniciativa comunitaria que, xa na súa primeira convocatoria de subvencións, en 2007, atraeu máis de 9.000 solicitudes.

Tamén no terreo da tecnoloxía de punta contamos con grandes éxitos gracias ao 7° Programa Marco, como a creación de eficaces asociacións público-privadas no ámbito tecnolóxico. Trátase de reunir a empresas e organismos públicos de investigación en áreas clave para os sectores da investigación industrial e tecnolóxica mediante unha serie de Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas (ITCs, ou JTIs polas súas siglas en inglés) de grande envergadura. As ITCs aumentarán a escala e o impacto dos investimentos en investigación, garantindo a coordinación e integración da investigación en Europa á vez que se aumentará o contido tecnolóxico da actividade industrial da Unión. Xa están en marcha varias ITCs en áreas tan estratéxicas como a aeronáutica, os medicamentos innovadores, a economía do hidróxeno y a nanoelectrónica.

Tamén a través do 7° Programa Marco se conseguiu a aprobación de medidas orientadas cara a unha mellor coordinación dos esforzos nacionais e da UE, mediante a posta en marcha de iniciativas que promoven tanto a mobilidade dos investigadores, a programación conxunta da investigación pública, a inversión transfronteiriza en grandes infraestructuras e unha mellor explotación dos resultados da investigación.

Sen esquecer as melloras que se lograron no propio enfoque da investigación europea, que se orienta mellor cara as necesidades da sociedade e as das empresas, maximizando así o valor engadido do apoio europeo. Conseguimos facer fronte do mellor modo posible a cuestións sociais

cruciais, centrándonos en temas tan importantes como a enfermidade de Alzheimer, a seguridade enerxética, o cambio climático ou a seguridade dos alimentos. Por outra parte, o 7° Programa Marco é actualmente o programa de investigación máis internacional do mundo. De feito, conseguimos os niveis máis altos de apertura da investigación europea ao mundo mediante a adopción dunha firme dimensión internacional, tanto na execución do Programa Marco como en asociación cos Estados membros.Os retos globais necesitan unha cooperación a nivel mundial, e entre os logros dos últimos cinco anos inclúense tamén novos acordos científicos e tecnolóxicos con países terceiros.

Tres instrumentos comunitarios para apoiar a I+D+i: O 7° Programa Marco de Investigación, o Programa Marco para a Competitividade e a Innovación (CIP) e os fondos da Política de Cohesión

Evidentemente, non todas as accións de I+D+i da Unión se realizan a través do 7° Programa Marco de I+D ou o Programa Marco para a Innovación e a Competitividade. A Estratexia de Lisboa para o Crecemento e o Emprego tamén propiciou que unha maior proporción dos fondos da Política Rexional se destinen a I+D e innovación. De feito, o desenvolvemento rexional é esencial para aumentar a capacidade de investigación en toda a Unión Europea.

A razón do establecemento de tres diferentes fondos comunitarios que poidan financiar accións relativas á investigación e a innovación débese, entre outros factores, á vontade conxunta da Comisión Europea e os Estados Membros para axustar a financiamento ás necesidades das propias propostas. En termos prácticos, o tipo de financiamento comunitaria virá determinado pola natureza da idea, en lugar de polos fondos comunitarios dispoñibles. Hai que ter en conta que a eficacia das accións financiadas por cada un destes tres ambiciosos programas non se pode unicamente medir por partidas orzamentarias, senón polo ámbito do seu impacto. Cada Programa diríxese a diferentes tipos de beneficiarios potenciais, en diferentes niveis e situacións.

Ben é certo que, dunha forma xeral, a política da Unión Europea para a Investigación focalízase en promover a excelencia a nivel internacional, mentres que a política da Unión dedicada á Cohesión dirixiríase máis cara a promoción da excelencia a nivel rexional. Á súa vez, a política de Innovación orientaríase a converter o coñecemento en oportunidades de negocio. Neste sentido, tamén poderiamos dicir que existen tres tipos de propostas no ámbito da I+D+i: en primeiro lugar, aquelas propostas de investigación propiamente dita; en segundo lugar, as que se interesan máis polos aspectos de innovación en sentido amplo, e por último aquelas que desexan dirixirse cara un contexto comercial.

As primeiras estarían dirixidas a fortalecer a capacidade de investigación de institucións de investigación, incluíndo os aspectos de formación, ou ben se proporían realizar unha acción de investigación para crear novos coñecementos. Este tipo de propostas poden financiarse a través do 7° Programa Marco de Investigación.

O 7° Programa Marco (cun orzamento de asa 54 mil millóns de euros para o período entre 2007-2013) é o instrumento xeral da Unión Europea para a financiamento de I+D. Utiliza, fundamentalmente, convocatorias de propostas competitivas a nivel europeo. Ao avaliar as propostas, a Comisión é asistida por expertos independentes e as propostas selecciónanse en función da súa excelencia. Outro tipo de propostas serían aquelas interesadas polos aspectos da innovación en xeral, abordando te-

mas como a transferencia de tecnoloxía ou o apoio aos negocios ou servizos innovadores. Para este tipo de propostas, o Programa marco para a Competitividade e a Innovación (CIP) ten un orzamento duns 3,6 mil millóns de euros para o período entre 2007-2013 co fin de reforzar a competitividade das empresas europeas (sobre todo as pemes), promovendo a innovación, incluída a eco-innovación.

O CIP divídese en tres programas operativos: Programa para a Iniciativa Empresarial e a Innovación; Programa de Apoio á Política de Tecnoloxías da Información e a Comunicación e Programa Enerxía Intelixente Europa. Cada un conta cos seus obxectivos específicos, destinados a fomentar a competitividade das empresas e a súa capacidade de innovación nas súas respectivas áreas, como as TIC ou a enerxía sostible.

Respecto ás propostas cubertas polos programas da política de Cohesión, habería que puntualizar que se aplican mediante unha xestión compartida entre a UE e os Estados membros dentro dun sistema de gobernanza de diversos niveis. A inversión en fondos estructurais para investigación e innovación é de 99 mil millóns de euros para o período 2007-2013. Anque tamén acostuman utilizar convocatorias de licitación competitivas, o seu ámbito de intervención limítase, xeralmente, a unha rexión (se ben algúns tipos de programas da política de Cohesión tamén inclúen a un Estado membro ou a un grupo de rexións). Por conseguinte, o proceso de selección basease principalmente na cooperación a nivel rexional.

Estas diferencias fan que os fondos sexan complementarios e que tamén poidan variar sensiblemente os beneficiarios directos, o que axuda a ampliar expoñencialmente tanto o impacto como a eficacia dos fondos invertidos dentro do territorio da Unión Europea e fora das súas fronteiras.

Fronte á inevitable multiplicidade da información para acceder a cada un dos tres diferentes instrumentos comunitarios, a Comisión produciu unha Guía práctica para facer máis fácil o percorrido do proponente e axilizar o acceso aos fondos comunitarios en I+D+i. Trátase de axudar a atopar o mellor programa en función das ideas que se presenten, sinalando o tipo de financiamento comunitaria máis adecuada, ou combinando distintas opcións. A Guía tamén contribúe a clarificar o papel que xogan os diferentes niveis de autoridades, ao que se engade unha lista de verificación para solicitar financiamento. De feito, respondendo a dez cuestións tipo, as empresas ou as institucións de investigación serían capaces de identificar inmediatamente cales son os programas máis adecuados para financiar as súas ideas. Todo elo non só servirá a orientar eficazmente as propostas, senón que reforzará a sinerxía dos distintos factores e fondos que interveñan, co que tamén se evitarán mellor os posibles riscos de solapamento.

Confiamos na cooperación activa dos Estados membros e as Rexións a labor de informar aos beneficiarios sobre as oportunidades existentes tanto como no que concirne ao uso e combinación adecuados das distintas fontes de financiamento da UE. Neste sentido, gustaríame sinalar aquí a importante labor desenvolvida polos Puntos Nacionais de Contacto, a nova rede EEN (Entreprise Europe Network), as oficinas de información a cargo da diseminación da información dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional e dos Fondos Sociais Europeos, ou as publicacións e revistas especializadas como Ultreia. O seu traballo resulta fundamental na consecución dos obxectivos Comunitarios, Nacionais e Rexionais, que son os nosos.

FUNDADOR DA DEMOCRACIA CRISTIÁ ITALIANA, PRIMEIRO XEFE DE GOBERNO DA REPÚBLICA TRANSALPINA TRAS A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL, ALCIDE DE GASPERI ENTENDEU QUE A MELLOR MANEIRA DE ABORDAR A RECONSTRUCIÓN, ESQUIVAR A MISERIA E IR CARA AO DESENVOLVEMENTO ERA ROMPENDO O ILLAMENTO INTERNACIONAL. DENTRO DE POUCO SERÁ SANTO

ALCIDE DE GASPERI

DEMOCRACIA CRISTIÁ PARA O EQUILIBRIO POLÍTICO

Era un home de montaña, nado no Trentino en 1881, unha rexión que ata 1918 pertenceu ao imperio austro-húngaro. Foi un mestre do equilibrio político, un estadista que sabía dar xogo aos partidos minoritarios. Neles apoiouse Alcide de Gasperi para deixar na oposición tanto ao partido comunista como á dereita neofascista. Pero a súa gran obra ten que ver coa idea de Europa e a rápida reinserción de Italia no contexto internacional, a pesar da derrota e das destrucións sufridas. En poucos anos o seu país puido volver a asomarse para consagrarse entre as seis nacións que encabezaron o proceso de unificación europea e como exemplo de recuperación económica e industrial.

O líder demócrata cristián foi un dos primeiros en empeñarse en pos da Comunidade Europea, para conseguilo aceptou asinar un tratado de paz con severas condicións. Tocoulle a el recibir o triste prego das limitacións impostas a Italia pola adhesión fascista á guerra. Asinou e advertiu, pleno de dignidade, sobre a urxencia da colaboración internacional para a construción de Estados democráticos en Europa.

De Gasperi sabía que a dor podía ser maior. Sufriu persecución, cárcere, illamento e humillacións polo rexime fascista. Unha vez fóra de prisión, pasou serias dificultades, ata que lle ofreceron emprego na Biblioteca Vaticana. Alí completou a súa formación e operou na clandestinidade para transformar o antigo partido popular na futura democracia cristiá e dar vida a un Estado democrático. Xa no poder promoveu numerosas iniciativas para a fusión de Europa Occidental, colaborando na realización do plan Marshall e creando estreitos lazos económicos con outros países europeos, en especial con Francia. Apoiou o Plan Schuman para a fundación da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro e contribuíu a desenvolver a idea da política de defensa común europea.

De Gasperi tiña un rigor moral sen tachas, un carácter severo que sabía prescindir dos cumpridos. Non foi moi popular, pero no momento do seu pasamento deuse un fenómeno sorprendente. En agosto de 1954 desde a remota Trento natal, no extremo norte, partiu o seu féretro por todo o país. A xente saudouno conmovida ata que chegou á sepultura na basílica de San Lorenzo, en Roma. Foi entón cando medrou a admiración polo estadista, o presidente da reconstrución, visto como un gran pai da patria, o emblema nacional dun país saíu do marasmo coas bandeiras da democracia e a xustiza social.

Ultreia. Revista de Política Rexional Europea. dxplanificacion@conselleriadefacenda.es
Coordinación e Edición: Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.
Realización, edición e redacción: Ipequeña Comunicación. comunicacion@ipequena.com **Responsable da edición:** Juan Luis Rodríguez Cudeiro
Deseño e maquetación: noboss **Fotografía:** Miguel Riopa **Impresión:** Gráficas Lugami **Depósito Legal:** C 277-2009

Detrás dos obradoiros de emprego...

Obradoiro de Emprego "Terras de Maside"

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

...está Europa

E tamén detrás da mellora da calidade do ensino, da loita contra o abandono escolar, das medidas de conciliación entre a vida laboral e persoal e de moitos dos proxectos de investigación e de innovación está o Fondo europeo FSE.
Lembra que con estes investimentos estamos a construír e mellorar Galicia.
Porque, no fondo, somos Europa.

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

O FSE inviste no teu futuro

XUNTA DE GALICIA

www.conselleriadefacenda.es

XACOBEO 2010
Galicia

www.conselleriadefacenda.es

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"
UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA